As empresas de base tecnolóxica ocupan un dos nichos de mercado con máis posibilidades de desenvolvemento aínda que nun contorno internacionalizado e fortemente competitivo. As iniciativas de apoio deben atender rúbricas diferentes das doutros sectores industriais. Así o apoio de capital nas fases iniciais, ou as axudas de innovación e investigación son imprescindibles. Trátase de empresas que ás veces nacen nos centros de investigación, nas universidades e non no tecido industrial tradicional polo que precisan dun entorno favorable para desenvolverse. Por definición están orientadas ao mercado exterior.

Con independencia do seu tamaño, nestas empresas son imprescindibles a investigación e a innovación, directamente ou en asociación con outras empresas ou centros especializados. Os contornos de base tecnolóxica evolucionan a un ritmo máis intenso que outros sectores industriais. A necesidade de tecnólogos e investigadores en proporción ao seu cadro de persoal é máis alta. Precisan de mecanismos que favorezan a incorporación deses perfís profesionais.

Doutra banda, en Galicia existen empresas neste sector que son un exemplo de iniciativa emprendedora, que foron quen de abrir mercados exteriores e de producir produtos innovadores. As universidades galegas contan con títulos acreditados e con grupos de investigación recoñecidos.

Por iso preséntase a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:



 Grupo Parlamentario

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

Elaborar e presentar no Parlamento, nun prazo de seis meses, un Plan de apoio ás empresas de base tecnolóxica que contemple entre outras as seguintes accións:

.....
Partido dos
Socialistas
de Galicia
.....

- Fondo de capital risco orientado ás fases de semente e despegue.
- Fondo de I+D.
- Impulso á rede de *Bussines Angels*.
- Axudas para a incorporación de tecnólogos e investigadores.

Pazo do Parlamento, 24 de marzo de 2011

Asdo: José Luis Méndez Romeu
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo: Abel Losada Álvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Luis Méndez Romeu na data 28/03/2011 11:02:24

Abel Fermín Losada Álvarez na data 28/03/2011 11:02:28



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, **José Luis Méndez Romeu**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Transcorrida a metade da lexislatura, a Xunta carece dun Plan Industrial que planifique e ordene as accións de promoción da reindustrialización, as necesidades loxísticas do actual tecido industrial, o pulo da investigación e a innovación ou a internacionalización. As diferentes iniciativas en curso, a medio do Igape ou de convenios coa Confederación de Empresarios amosan a dificultade de integrar as liñas de actuación en eixes recoñecibles, que potencien as sinerxias.

A sucesión de plans que a Xunta vén promovendo, Re-brote, Re-imaxina, Re-solve, _Re-forza, Re-emprende, etc, non ofrece un marco integrado que permita ver unha liña estratéxica. A multiplicidade de liñas de axuda no Igape, por exemplo, non é incompatible con liñas prioritarias de actuación orientadas a consolidar investimentos ou promover novas iniciativas industriais. A caída do investimento exterior directo é un mal indicador e non se coñecen iniciativas do Goberno galego para investir a tendencia.

A perda de empregos industriais nos dous anos do Goberno Feijoo e máis que notable e cuestiona a eficacia das medidas adoptadas. Os plans industriais asociados ao concurso eólico non pasan do papel e todo o proceso está ameazado de recursos xudiciais que poden atrasalo varios anos. Investimentos publicitados e postos de traballo comprometidos son só anuncios sen data de execución.

Faise necesario ofrecer un marco claro que oriente os investimentos, coordine as iniciativas do sector privado e favoreza as iniciativas inseridas nas liñas prioritarias. É dicir, unha política industrial definida.



 Grupo Parlamentario

É por iso que se presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

.....
Partido dos
Socialistas
de Galicia
.....

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a elaborar e presentar no Parlamento nun prazo de seis meses, un Plan de política industrial cun horizonte de dez anos que contemple polo menos os seguintes aspectos:

- a) Mellora da competitividade das industrias galegas.
- b) Proxectos de reindustrialización.
- c) Necesidades loxísticas e de transporte.
- d) Pulo do transporte de mercadorías por ferrocarril.
- e) Programa de innovación e de I+D en colaboración coas universidades e Centros de investigación.
- f) Programa de captación de investimento directo do exterior.
- g) Programa de apertura de novos mercados en colaboración co ICEX.

Pazo do Parlamento, 23 de marzo de 2011

Asdo: José Luis Méndez Romeu
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo: Abel Losada Álvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Luis Méndez Romeu na data 28/03/2011 11:27:18



 Grupo Parlamentario

Abel Fermín Losada Álvarez na data 28/03/2011 11:27:22

.....
Partido dos
Socialistas
de Galicia
.....



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2011 11:09
Nº Rexistro: 62940
Data envío: 29/03/2011 11:09:08.560

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a instancia das deputadas María do Carme Adán Villamarín e Ana Belén Pontón Mondelo, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos:

O Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela é unha infraestrutura educativa fundamental para a capital de Galiza e para o sistema educativo galego. Mais a día de hoxe ten unha serie de deficiencias que impiden dar resposta a todas as demandas e necesidades educativas da poboación. Actualmente o número de alumnado do centro ascende a 503 persoas a pesar de ofertar as mínimas prazas e de non poder aceptar a grande maioría das solicitudes de traslado de expediente. As consecuencias son importantes: prazas insuficientes, horarios inadecuados, espazos improvisados para aulas e imposibilidade de rematar o Grado Profesional o alumnado provinte doutros conservatorios.

Asemade, o conservatorio enfróntase á falta de persoal subalterno que dificulta o normal desenvolvemento da actividade lectiva. Neste momento, o centro conta con dous conserxes, cando o horario de apertura do centro vai de 7:45 e 22:15 horas de maneira ininterrompida. Polo tanto, o servizo queda desatendido ante calquera baixa, permiso, etc., dun deles. A situación faise insostíbel e sumamente grave na quenda da tarde, xa que é nesta quenda cando se concentra a maioría do alumnado e do profesorado e se desenvolve a maioría da actividade lectiva e da realización doutras



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2011 11:09
Nº Rexistro: 62940
Data envío: 29/03/2011 11:09:08.560

actividades, chegando, como esta sucedendo desde hai algún tempo, a que os membros do equipo directivo teñan que suplir as funcións propias dos subalternos, debido á ausencia do subalterno da quenda da tarde. A isto hai que engadirlle que o centro, desde a súa posta en marcha, duplicou o alumnado e, mestres tanto, non foi dotado nin con máis persoal subalterno nin administrativo. De feito, o centro conta cunha soa persoa administrativa que non pode abarcar o volume de traballo dun centro destas características.

Polo exposto, presentase a seguinte Proposición non de lei:

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a dotar ao Conservatorio Profesional de Santiago de Compostela dos recursos materiais e humanos necesarios para poder desenvolver con normalidade o seu labor docente. Para isto, a Consellaría de Educación comezará os trámites necesarios para ampliar o edificio no terreo anexo ao Centro que o Concello de Santiago de Compostela cede para tal efecto. Asemade, e con carácter de urxencia, dotarase ao centro do persoal subalterno e administrativo necesario."


Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2011.

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Deputada do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz s. do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2011 11:09
Nº Rexistro: 62940
Data envío: 29/03/2011 11:09:08.560

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 29/03/2011 11:05:28

Ana Belén Pontón Mondelo na data 29/03/2011 11:05:33



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, **Sonia Verdes Gil**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Os sindicatos agrarios denunciaron nestes días a decisión da Consellaría de Medio Rural de que se continúen as inspeccións de campo en relación cos danos causados pola fauna salvaxe nos cultivos, e concretamente os danos producidos polos xabarís polo menos ata pasadas as eleccións municipais.

Tal decisión tomada dende o Goberno galego prodúcese despois de que advertisen dende a Consellaría do Medio Rural que non se ían tramitar novos expedientes nin facer máis visitas de inspeccións, debido á falta de dotación orzamentaria para compensar os danos causados pola fauna salvaxe, que para o ano 2011 ascende a 183.200 euros.

Así mesmo, están a dar resposta nese senso ás queixas que os gandeiros e as gandeiras formularon diante da Consellaría do Medio Rural denunciando o non pagamento das axudas que teñen solicitado polos danos causados polo xabaril nos cultivos.

Lembrar que a Consellaría do Medio Rural adebédalles aos gandeiros e ás gandeiras aínda as axudas correspondentes ao ano 2009 polos danos causados polo xabaril nos cultivos.

Por iso, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1.º) Proceder de xeito urxente ao pagamento das axudas pendentes para compensar os danos ocasionados polos xabarís nos cultivos correspondentes á convocatoria de axudas para o ano 2009 e 2010, para o que se achegará a suficiente dotación orzamentaria, tal que se



 Grupo Parlamentario

atendan e se dea cobertura a todas as solicitudes presentadas ao abeiro das convocatorias 2009/2010.

.....
Partido dos
Socialistas
de Galicia

2.º) Proceder de xeito urxente á renovación da convocatoria correspondente ao ano 2011, co fin de establecer as axudas para paliar os danos producidos polos xabarís nos cultivos, con carácter retroactivo dende o 1 de outubro de 2010.

.....
Pazo do Parlamento, 28 de marzo de 2011

Asdo: Sonia Verdes Gil
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo: Abel Losada Álvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



 Grupo Parlamentario

Sonia Verdes Gil na data 29/03/2011 12:49:51

Abel Fermín Losada Álvarez na data 29/03/2011 12:49:55

.....
Partido dos
Socialistas
de Galicia
.....

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e a iniciativa do deputado **José Manuel Balseiro Orol**, ao abeiro do disposto no Artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición Non de Lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de Motivos

As instalacións do antigo porto de Viveiro sitas entre as inmediacións dun grande centro comercial e a ponte da Misericordia, viron diminuído ao longo do tempo o seu uso pesqueiro debido fundamentalmente á concentración da flota no peirao viveirense de Celeiro.

Con todo, segundo as informacións facilitadas por Portos de Galicia, titular destes espazos, hoxe continúan alí dúas autorizacións temporais de ocupación de instalacións a favor do Concello de Viveiro e con destino de almacén dos servizos municipais e sete concesións administrativas en vigor de diversas características, como son almacéns de peixe, de mercadorías, unha oficina dun consignatario e un taller de motonáutica, entre outras. Concesións que teñen como período de caducidade o 15 de decembro de 2022.

A Comisión de Pesca do Parlamento de Galicia acordou por unanimidade, con data 16 de decembro de 2010, impulsar un acordo entre Portos de Galicia, o departamento estatal de Costas e o Concello de Viveiro, de tal xeito que estas tres administracións estudien os futuros usos destes espazos e, inclusive, a oportunidade de rescatar as concesións actualmente vixentes para desenvolver alí unha transformación integral destes espazos.

O Grupo Parlamentario Popular sempre defendeu a idoneidade dun acordo entre todas as administración implicadas, no que tamén teñan oportunidade de achegar as súas propostas os colectivos veciñais e de comerciantes. Non obstante a idea básica é que o proxecto ou proxectos que poidan alí desenvolverse sexan totalmente compatibles coas diferentes actividades do porto e dean lugar a un impacto positivo sobre o conxunto do núcleo urbano e da propia vila.

Unha das peticións máis repetidas e salientables mantidas polos distintos colectivos comerciais e sociais é a construción dun aparcamento soterrado, para o seu uso tanto polas veciñas e veciños da cidade do Landro como polos visitantes que se poidan achegar ata esta vila para facer as súas compras ou para facer turismo. Evitaríase así que a solución definitiva se limite a unha solución exclusiva en superficie e multiplicaríamos a súa utilidade social ou económica.

Polo exposto con anterioridade, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte Proposición Non de Lei, para o seu debate en Pleno.

“O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao ente público autonómico Portos de Galicia de tal xeito que durante o 2011 impulse, promova e desenvolva un proxecto de reorganización e novos usos portuarios do antigo peirao pesqueiro de Viveiro no que se contemplen as propostas de aproveitamento dos espazos portuarios formuladas polos distintos colectivos sociais e comerciais e nomeadamente, a creación dun aparcamento soterrado”.

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2011

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 29/03/2011 14:28:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2011 16:30
Nº Rexistro: 63062
Data envío: 29/03/2011 14:29:34.010

José Manuel Balseiro Orol na data 29/03/2011 14:28:55

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA**
Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 531 510
F. 981 531 472
grupos@parlamentodegalicia.es
www.pdg.galicia.es



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 29/03/2011 18:10

Nº Rexistro: 63087

Data envío: 29/03/2011 18:10:45.937

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa das súas deputadas **Teresa Táboas Veleiro** e **María Tereixa Paz Franco** e do seu deputado **Alfredo Suárez Canal**, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno**, sobre a anulación do PXOM de Ourense.

A recente sentenza que anula o PXOM de Ourense, aprobado no ano 2003, pon ao descuberto unha certa forma de facer urbanismo en Galiza e xera unha situación de enorme preocupación para todos os veciños e veciñas da cidade e tamén para as súas institucións municipais e sociais.

Cando se aprobou o Plan a corporación municipal foi advertida daquela do enorme error que se estaba a cometer e mesmo que había serios perigos de que fose ilegal por diversas cuestións. Naquela ocasión a corporación municipal de Ourense, con maioría absoluta do PP, non atendeu ningunha das advertencias que, mesmo desde distintos ámbitos técnicos, pero tamén o BNG na corporación municipal, puxemos de manifesto. No seu momento nós puxemos o aceno en que en diversos aspectos do plan primaba o interese particular sobre o xeral e que mesmo existía unha certa perspectiva de darlle legalidade a convenios que poderían considerarse “pelotazos urbanísticos”.

O PP de Ourense non atendeu a razóns e tirou para adiante, contou ademais coa sanción favorable da Xunta de Galicia. Convén lembrar que o actual Presidente exercía daquela como conselleiro de política territorial, e xa que logo era o



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2011 18:10
Nº Rexistro: 63087
Data envío: 29/03/2011 18:10:45.937

responsable das competencias da Xunta en materia urbanística.

Aquel plan sometido a múltiples procesos xudiciais, estivo en vigor e foi, polo tanto, o que marcou o desenvolvemento urbanístico da cidade nestes anos. Pero agora ven de producirse unha sentenza que definitivamente anula o plan de 2003, e coloca o concello nunha situación enormemente delicada e que xera moita preocupación, xa que a anulación do plan, e de todo o planeamento que del se deriva, retrotrae a ordenación urbanística da cidade ao ano 1986.

Ante a situación creada o concello reaxiu rapidamente e aprobou nun pleno unha decisión de emerxencia para salvar as actuacións estratéxicas en marcha e que non se bloqueen pola paralización do plan, dándolle un certo grado de seguridade xurídica aos cidadáns.

Parece lóxico pensar que a Xunta, que no seu momento foi en certa maneira cómplice do desatino que significou a aprobación do Plan do 2003, non utilice agora o seu poder para dilatar a probación da solicitude que se acordou no concello de Ourense para desbloquear a situación.

Vemos con preocupación que neste asunto aparece esa estratexia de derivar responsabilidades en todas as direccións con tal de evitar as propias. O Presidente da Xunta ten responsabilizado a corporación actual da situación creada. O mundo ao revés, os que aprobaron o plan, Presidente actual conselleiro daquela incluído, e crearon a situación con enormes implicacións e derivacións de toda índole, que xa veremos onde rematan, son esculpados polo propio Presidente de toda responsabilidade. Curiosa maneira de entender a política e as responsabilidades: os que toman as decisións non son responsables e si os que as padecen.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2011 18:10
Nº Rexistro: 63087
Data envío: 29/03/2011 18:10:45.937

En calquera caso a preocupación que nos xera esta actitude acrecentase porque pensamos que pode ser o preludio para que dende a Xunta se dilate innecesariamente a tramitación da decisión adoptada no Pleno da Corporación Municipal de Ourense para desbloquear a situación.

Ante o exposto, presentamos a seguinte Proposición non de lei:

O parlamento insta a Xunta a tramitar e aprobar, á maior brevidade posíbel, a proposta que, en relación coa anulación do PXOM de Ourense do ano 2003, se ten producido no concello de Ourense, en relación coas modificacións que se propoñen sobre o planeamento do 1986 actualmente vixente.

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2011.

Asdo.: Teresa Táboas Veleiro

Alfredo Suárez Canal


María Tereixa Paz Franco

Deputadas e deputado do G.P. do BNG.

Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2011 18:10
Nº Rexistro: 63087
Data envío: 29/03/2011 18:10:45.937

Teresa Táboas Veleiro na data 29/03/2011 17:57:05

María Tereixa Paz Franco na data 29/03/2011 17:57:12

Alfredo Suárez Canal na data 29/03/2011 17:57:20

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 29/03/2011 17:57:35



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2011 10:26
Nº Rexistro: 63171
Data envío: 30/03/2011 10:26:43.006

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa das súas deputadas **Ana Belén Pontón Mondelo e Teresa Táboas Veleiro**, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno**, relativa ás actuacións que debe levar adiante a Xunta de Galiza para iniciar a urbanización do Polígono Industrial da Barbanza antes de finais de 2011.

A comarca da Barbanza padece un déficit de solo empresarial que limita a expansión do seu tecido industrial, así como, o asentamento de novas actividades que impulsen a creación de emprego. O Goberno Galego asumiu durante a pasada lexislatura a necesidade de corrixir esta eiva, impulsando de maneira decidida a creación de solo produtivo. Así, neste período, ampliouse o polígono de Boiro, iniciouse un polígono en Rianxo e un macropolígono comarcal entre os concellos de Ribeira e A Pobra do Caramiñal. Un impulso sen precedentes á creación de solo empresarial, que rachaba co desleixo e abandono que caracterizou aos anteriores executivos presididos polo PP.

Mais, nos últimos dous anos, a Xunta de Galiza retomou a política da parálise neste ámbito. O exemplo máis claro é a situación na que se atopa o Polígono Comarcal previsto na Barbanza. A pesar de que este proxecto estaba en marcha e só cumpría darlle continuidade a súa tramitación, leva paralizado desde marzo de 2009. Antes desta data a Xunta estaba cumprindo cos seus compromisos e levara adiante os trámites necesarios para poder iniciar a urbanización deste parque. Os datos son ben elocuentes e indican que o Goberno anterior fixo:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2011 10:26
Nº Rexistro: 63171
Data envío: 30/03/2011 10:26:43.006

1. os estudos de viabilidade,
2. o proxecto sectorial do parque empresarial e o informe de sustentabilidade ambiental (sometido a información pública no DOG do 21 de agosto de 2008);
3. a declaración de incidencia supramunicipal do proxecto sectorial (DOG de 12 de setembro de 2008);
4. e a adxudicación da redacción do proxecto de expropiación (novembro de 2008).

Porén, a actual Xunta de Galiza, decide paralizar toda a tramitación deste parque, con declaracións contraditorias e confusas que só buscan tapar a súa irresponsabilidade e falta de compromiso. O DOG deixa conta de como se paralizan as actuacións e agora só temos declaracións en prensa, con anuncios que non se cumpren e cun claro intento de confundir aos veciños e veciñas da Barbanza sobre este proxecto. Sirva como mostra un pequeno repaso das declaracións e compromisos adquiridos por diferentes responsábeis da Xunta e do PP.

O 30 de setembro de 2009 a Xunta remite unha resposta que determina con clareza a situación do Parque Empresarial da Barbanza e as súas responsabilidades á hora de continuar ou non con este proxecto. De feito, a esa altura, o Goberno reconece que “O polígono industrial do Barbanza atópase actualmente en fase de tramitación do seu proxecto sectorial. O proxecto de expropiación está redactado, pero non se pode tramitar mentres non se aprobe definitivamente”.

O 6 de novembro de 2009, o Director do IGVVS afirma que o polígono “sigue a súa tramitación e que se fará por fases en función da demanda real de solo”. Asegura que está pendente do informe de impacto ambiental, “a punto de concluír”, e que despois



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2011 10:26
Nº Rexistro: 63171
Data envío: 30/03/2011 10:26:43.006

continuará co proxecto de expropiación. Engadiu que había mais de dous millóns de euros presupostados para continuar coa tramitación.

Os orzamentos da Xunta de Galiza do ano 2010 desmentían estas afirmacións ao non prever ningún investimento neste polígono. Desde o G. P. do BNG tentamos corrixir isto a través da presentación dunha emenda. Mais o PP votou en contra da mesma, impedindo consignar fondos no 2010 para a execución deste polígono. Situación que se repite nos orzamentos do ano 2011.

Após estas declaración do Director do IGVS comprobamos como este departamento paralizou o polígono. Os meses ían pasando sen que a Xunta de Galiza aprobara os proxectos definitivamente. O BNG denunciou esta situación reiteradamente sen que a Xunta de Galiza mudara a súa actitude. Porén, esta presión política, e a demanda unánime dos sectores económicos da comarca, levaron ao Goberno a mudar de estratexia, intentando aparentar un compromiso con esta actuación.

Así, o 29 de Marzo de 2010 a corporación de Ribeira apoiaba unanimemente unha moción do BNG reclamando que a Xunta retomara este proxecto. No debate da mesma os representantes do PP insistían na idea de facer o polígono por fases e indicaban que existía unha partida de dous millóns de euros nos orzamentos da Xunta de Galiza para o estudo de impacto ambiental e as expropiacións.

Poucos meses despois, o 20 de maio de 2010, os alcaldes de Ribeira e A Pobra, nunha xuntanza coas patronais destes concellos, afirmaban que ía reactivar o proxecto, que o polígono estaría plenamente operativo no 2012, e unha fase finalizada no 2011. Para acadar este obxectivo tiñan xa concertada unha xuntanza co Director do IGVS. Esta



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2011 10:26
Nº Rexistro: 63171
Data envío: 30/03/2011 10:26:43.006

xuntanza prodúcese o 18 de xuño. Nas declaracións feitas públicas con posterioridade, a Xunta asumía o compromiso de ter finalizados os informes antes do remate de 2010 e iniciar a primeira fase nese ano.

Rematado o ano 2010, é fácil comprobar como todas estas promesas caeron en saco roto, e nin se ten aprobado o Plan Sectorial, nin a Xunta prevé iniciar as obras deste polígono no 2011. Extremo que ficou claro cando o PP votou en contra dunha proposición non de lei presentada polo G.P. do BNG o pasado 19 de novembro, no que textualmente pedíamos “instar á Xunta a retomar de maneira inmediata a tramitación de solo empresarial previsto na comarca da Barbanza, nos concellos de Ribeira e A Pobra do Caramiñal, axilizando toda a tramitación administrativa e garantindo unha dotación orzamentaria que posibilite que o polígono poda estar operativo no ano 2012”.

E agora, coas eleccións municipais ás portas, o PP nunha clara instrumentalización partidista e electoralista da Xunta de Galiza, retoma á estratexia da declaración enganosa, e elude aclarar as súa irresponsabilidade por ter paralizado este proxecto tan necesario e agardado na comarca da Barbanza. En menos de dous meses o Conselleiro de Medio Ambiente, Transporte e Infraestructuras -en actos partidarios- anuncia a aprobación do Plan Sectorial antes das eleccións de Maio. Faino poucos días despois de rexeitar no Parlamento de Galiza unha proposta de resolución do noso grupo solicitaba que “a Xunta de Galiza, no marco da promoción e creación de solo empresarial, priorizara e axilizara a tramitación do Polígono Industrial da Barbanza, iniciando as obras de urbanización no presente ano.”



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2011 10:26
Nº Rexistro: 63171
Data envío: 30/03/2011 10:26:43.006

Eis o elemento clave en toda esta cerimonia de confusión: aclarar cando se van iniciar as obras de urbanización e os prazos para a posta en servizo deste solo empresarial que a actual Xunta de Galiza leva boicoteando durante dous anos.

Polo dito, formulamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a priorizar e axilizar a tramitación do Polígono Industrial da Barbanza, coa finalidade de que as obras de urbanización se inicien no presente ano e finalicen antes de decembro de 2012. Na execución destas obras a Xunta de Galiza preverá a construción de naves modulares destinadas ao alugueiro para proxectos de emprendedores/as, licitando e adxudicando a súa construción antes de que finalice o 2011.

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2011.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz s. do G.P. do BNG.

Teresa Táboas Veleiro

Deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 30/03/2011 10:16:19

Teresa Táboas Veleiro na data 30/03/2011 10:16:23

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular, a través do seu Portavoz e a iniciativa dos deputados Román Rodríguez González, Jaime Castiñeiras Broz, Alejandro Gómez Alonso, Rosa Oubiña Solla, Jesus Goldar Guimil e José López Campos, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan a seguinte Proposición Non de Lei para o seu debate en Pleno.

O espazo litoral galego ten un indubidable valor ambiental, paisaxístico e simbólico. Presenta unha longa historia de ocupación e transformación humana, que recentemente se veu ordenada desde unha perspectiva integral a través do Plan de Ordenación do Litoral.

Múltiples son as edificacións e construcións diversas que de xeito tradicional a sociedade galega ten desenvolto na franxa costeira. Desde instalacións defensivas, a fábricas de conservas, equipamentos portuarios ou vivendas mariñeiras,... moitas destas ocupacións e construcións se teñen incorporado ó patrimonio colectivo do litoral, e mesmo nalgún caso acadado a categoría de Ben de Interese Cultural (BIC) polo seu valor e interese histórico e social.

Na actualidade temos en Galicia varios BIC situados en áreas de servidume de protección definidas pola Lei 22/1998 de Costas (LC). Algúns deles, tanto de titularidade pública como privada, tópanse cunha serie de restricións derivadas dunha vocación restritiva da norma que imposibilita a posta en valor deste tipo de inmobles con actividades económicas de incidencia turística vencelladas á hostalería e á restauración.

Resulta paradóxico que contando o noso territorio con múltiples edificios de uso hostaleiro situados en espazos xeograficamente

semellantes no tocante á súa interrelación coa liña costeira, tendo algúns deles unha transcendencia na vida económica local fundamental como elementos dinamizadores e de creación de emprego, e que mesmo incrementan o interese patrimonial do emprazamento no cal se ubican; sen embargo, actualmente algúns BIC non poden ser rehabilitados nin postos en valor cunha orientación turístico-cultural inserindo actividades de restauración e hostalería, debido á non autorización do Goberno do Estado.

Desde o Partido Popular de Galicia entendemos que o uso e/ou a restauración de BIC para actividades vencelladas ó turismo (como se ten demostrado en exemplos moi significativos como o Parador de Baiona ou a posta en marcha da rede de Hoteis Monumentos) ten un enorme significancia, pois á vez que se presenta como una medida de carácter económico xeradora de emprego e potenciadora dos recursos do territorio, tamén garante unha rehabilitación e uso respectuoso da construción e do seu entorno. Pois non se debe esquecer que a catalogación de BIC esixe un moi escrupuloso tratamento e coidado de toda intervención humana realizada sobre este tipo de bens.

Ademais a posta en valor dos BIC xa existentes non xera, aínda que estean situados en áreas de servidume fixadas pola LC, pois estamos antes edificacións xa construídas e nas que, si nalgún caso non se actúa sobre as mesmas, o seu horizonte a medio prazo pode ser devaluarse desde o punto de vista patrimonial.

Por tales motivos,

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno do Estado que adopte as medidas precisas para posibilitar que aquelas edificacións ou sitios catalogados como BIC que estean situadas dentro de áreas de servidume definidas pola LC, poidan poñerse en valor a partir do impulso de actividades económicas xeradoras de emprego vencelladas ó turismo como a

hostaleira ou a restauración.”

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2011

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 30/03/2011 12:41:28

Román Rodríguez González na data 30/03/2011 12:41:36

Jaime Castiñeira Broz na data 30/03/2011 12:41:42

Alejandro Gómez Alonso na data 30/03/2011 12:41:58

Rosa Oubiña Solla na data 30/03/2011 12:42:06

Jesús Antonio Goldar Güimil na data 30/03/2011 12:42:12

José Carlos López Campos na data 30/03/2011 12:42:18

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **Beatriz Sestayo Doce e Maria Carmen Cajide Herves** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

As vivendas das Felgosas, radicadas no concello de Cerdido, están nun estado lamentable polo abandono da Administración autonómica dirixida por Núñez Feijoo que, lonxe de asumir os compromisos adquiridos no seu día pola Xunta de Galicia coa veciñanza de Cerdido, mantén un silencio absoluto permitindo que estas vivendas de protección autonómica se estean a deteriorar tras os danos causados polo temporal Klaus.

Así, e tras a constatación dos danos causados polo temporal o Consello da Xunta presidido por Emilio Pérez Touriño era informado da necesaria contratación das obras de reparación das VPA, tras a inspección por parte dos técnicos da Delegación Provincial da Coruña, que acreditaban a urxente necesidade de reparación de tales vivendas.

O departamento autonómico de Vivenda acordaba liberar unha partida orzamentaria de 176.442 euros para a devandita reparación, e de feito, se acometeron de inmediato as obras de reparación dos tellados levantados polo Klaus.

O cambio de Goberno na Xunta de Galicia trouxo, unha vez máis, o abandono de actuacións urxentes abandonando á súa sorte aos veciños e ás veciñas destas vivendas. Unha vez que o Goberno do PP toma posesión, non só se paralizan as obras de reparación das devanditas VPA senón que non se volve a facer nin unha soa actuación máis nesas vivendas que presentan un estado precario e nocivo para as persoas residentes nelas.

O “superdelegado “provincial de Coruña, Diego Calvo, comprometeuse ao que parece ser a súa frase preferida “estudar o tema e dar unha resposta “ pero o estudo e a resposta seguen sen ser dados,



 Grupo Parlamentario

no que vén sendo a práctica habitual da Delegación provincial da Coruña e da Xunta de Galicia.

.....
Partido dos
Socialistas
de Galicia
.....

En virtude do exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a acometer de inmediato as obras de reparación e acondicionamento das vivendas de protección autonómica de Felgosas no concello de Cerdido.

Pazo do Parlamento, 30 de marzo de 2011

Asdo: Beatriz Sestayo Doce
María Carmen Cajide Hervés
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo: Abel Losada Álvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Beatriz Sestayo Doce na data 30/03/2011 13:29:36

Maria del Carmen Cajide Herves na data 30/03/2011 13:29:39

Abel Fermín Losada Álvarez na data 30/03/2011 13:29:44

.....
Partido dos
Socialistas
de Galicia
.....



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2011 16:30
Nº Rexistro: 63196
Data envío: 30/03/2011 14:00:14.623

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa dos seus deputados **Alfredo Suárez Canal**, **Bieito Lobeira Domínguez** e **Anxo Manuel Quintana González** e da súa deputada **María Tereixa Paz Franco**, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno**, sobre a posición galega ante a UE para o novo período

Nestes intres estanse producindo na UE as reunións e grupos de traballo para configurar o que serán as perspectivas financeiras no novo período. Neste asunto Galiza xogase moito, non só polos recursos e orzamentos que podan configurar o novo período, senón tamén polas decisións que poda levar aparellado a súa entrada en vigor. Tendo presente que Galiza deixará de ser “rexión obxectivo converxencia”, o que está en xogo é de moito calado como para que o Parlamento participe no asunto, tendo presente que a Xunta, nun novo exercicio de irresponsabilidade, non compareceu, nin para explicar a súa posición nin para tentar fixar unha posición de país ao respecto.

Están en xogo decisións e recursos que afectan aos nosos sectores estratéxicos: agrario e pesqueiro, están en xogo os recursos para determinadas infraestruturas, están en xogo tamén as perspectivas e recursos para a innovación tecnolóxica, en fin, están en xogo recursos e decisións destinadas a impulsar políticas económicas máis sustentábeis medioambientalmente falando.

É neste marco de análise e toma de decisión nos que Galiza debería ter unha posición propia, non só para fixar unha posición de país en cuestións como as nosas



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2011 16:30
Nº Rexistro: 63196
Data envío: 30/03/2011 14:00:14.623

aspiracións de recursos no novo marco, senón tamén que asuntos deberían introducirse na axenda.

Resulta toda unha indicación, da actuación da Xunta neste tema, que a día de hoxe non se teña celebrado unha comparecencia do Presidente dedicada exclusivamente a este asunto e, mesmo, que se puidesen fixar posicións ao respecto. Novamente a Xunta declina as súas responsabilidades e o fía todo a comparecencias máis ben propagandísticas, mesmo en Bruxelas, para cubrir o expediente.

Parece todo un contrasentido que nun asunto de tanto calado os representantes da cidadanía non teñan coñecemento de cal é a posición da Xunta e non podan participar na fixación de posición porque a Xunta non da conta no Parlamento da posición que defende, si é que a ten.

Ante esta situación, preséntase a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento insta á Xunta de Galiza a enviar ao Parlamento, no prazo dun mes, unha proposta que, xunto coa que aporten os grupos da cámara, poda servir para fixar, antes de final do actual período de sesións, unha posición galega a defender para o novo período que definirá as perspectivas económico-presupostarias na U.E.

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2011.

Asdo.: Alfredo Suárez Canal

Anxo Manuel Quintana González

María Tereixa Paz Franco



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2011 16:30
Nº Rexistro: 63196
Data envío: 30/03/2011 14:00:14.623

Deputados e deputada do G.P. do BNG.

Bieito Lobeira Domínguez

Portavoz s. do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Alfredo Suárez Canal na data 30/03/2011 13:55:12

Bieito Lobeira Domínguez na data 30/03/2011 13:55:17

Anxo Manuel Quintana González na data 30/03/2011 13:55:36

María Tereixa Paz Franco na data 30/03/2011 13:55:42



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 30/03/2011 16:30

Nº Rexistro: 63198

Data envío: 30/03/2011 14:01:20.202

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do seu deputado **Alfredo Suárez Canal** e da súa deputada **María Tereixa Paz Franco**, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno**, sobre a constitución da policía galega

Levamos xa traspasado o ecuador da lexislatura e non se ven nin logros nin xestos que poñan de manifesto unha aposta decidida polo incremento do autogoberno galego na actual Xunta. Mais alá de declaracións para a galería, e a constante externalización de responsabilidades cara o Goberno central, a Xunta presenta un balance paupérrimo no incremento do autogoberno. Non só nas grandes decisións que poñen en evidencia que o que falta é convición política da necesidade de incrementar o autogoberno e o que sobra son declaración que non se compadecen coa práctica. Mais alá da escasa, ou nula, vontade de Goberno central de abordar competencias para incrementar o autogoberno galego que nós denunciemos, a Xunta carece de estratexia e de posicións claras que permitan avanzar porque, realmente, non quere. Non só acontece coa sempre adiada reforma do Estatuto, senón que, en cuestións que se poderían dar pasos decisivos para incrementar o autogoberno, a Xunta descubre o seu nulo compromiso adiando sempre as decisión e buscando escusas.

Un asunto que pon este comportamento ao descuberto é o tema da creación definitiva da policía galega.

Contando xa cunha lei galega que permitiría elaborar unha estratexia para rematar de construír a policía integral galega e superar o modelo de policía adscrita, a Xunta ten



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2011 16:30
Nº Rexistro: 63198
Data envío: 30/03/2011 14:01:20.202

un triste balance neste asunto que descubre a súa nula vontade de incrementar o autogoberno. Rexeita no Parlamento galego todas as iniciativas que se impulsan nesta dirección, non consegue que os deputados do PP en Madrid voten favorablemente unha iniciativa aprobada por unanimidade no Parlamento Galego sobre as transferencias de tráfico, facilitando, coa súa abstención, que o grupo que apoia ao Goberno central conseguise rexeitar a proposta do Parlamento galego, e utiliza a escusa da falta de recursos para impulsar a policía galega cando dedica importantísimos orzamentos a requirir servizos de empresas de seguridade privadas.


Resulta evidente, a estas alturas, que si o Parlamento non o remedia remataremos a lexislatura sen unha policía integral galega. Por iso ante a situación xerada, e de cara aos próximos orzamentos, presentamos a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento insta á Xunta de Galicia a elaborar unha estratexia que permita que antes de final da lexislatura se constitúa definitivamente a Policía Integral Galega, desenvolvendo, para esta finalidade, todas as prerrogativas que determina a lei galega e impulsando as dúas actuacións seguintes:

1 Nos orzamentos do ano 2012 eliminar todas as partidas destinadas a contratar con empresas privadas servizos de seguridade e vixilancia e destinar eses fondos a fortalecer a policía propia

Beatriz Sestayo Doce, José Tomé Roca, Modesto Pose Mesura e María Carmen Acuña do Campo, deputadas e deputados pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O denominado “contrato con Galicia” que simbolicamente subscribía en campaña electoral Feijoo en nome propio e do PP de Galicia vén sendo xa unha estafa ao pobo galego pola claridade do seu incumprimento. Non obstante, os anuncios mediáticos incumpridos non quedaron en campaña; vén sendo un sinal de identidade do Goberno Feijóo os grandes anuncios mediáticos, tanto máis grandes e solemnes, canto máis notable é a vontade do seu incumprimento, ou a incapacidade para cumprir as promesas.

Son tantas as promesas incumpridas en materia de Políticas Sociais que a análise detallada daría case para unha tese de doutoramento. En todo caso, un dos grandes compromisos asumidos por Feijóo foi o de “crear dez mil postos de traballo cada ano, 2010, 2011, e 2012 “ vencellados a programas e infraestructuras sociais en Galicia. O devandito compromiso foi reiterado polo presidente galego no pasado Pleno no día 22 de marzo onde o Presidente da Xunta contestaba ao presidente do Grupo Parlamentario Socialista que en 2010 se tiñan creado xa “nove mil cincocentos postos de traballo “ nos conceptos aos que nos estamos a referir.

Este Grupo Parlamentario ten constancia da destrución masiva de emprego vencellados a programas sociais, así en dependencia, inclusión social, inmigración, plans de cooperación, etc.

En virtude do exposto, e co ánimo de coñecer esa información que o presidente Feijóo anuncia na Cámara e que contrasta cos datos que obran en todas as estatísticas e datos oficiais, interpelamos ao Goberno galego nos seguintes termos:



 Grupo Parlamentario

1.^a) En que programas públicos sociais foron creados eses 9.500 postos de traballo que anunciou o señor Feijoo?

..... 2.^a) En que administracións públicas e financiados pola Xunta, foron creados?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

..... 3.^a) A que categorías profesionais se corresponden eses postos de traballo supostamente creados?

4.^a) Cal é o estado actual desas relacións contractuais?

5.^a) En virtude de que relación contractual foron creados eses postos de traballo e por canto tempo foron asinados?

Pazo do Parlamento, 28 de marzo de 2011

Asdo: Beatriz Sestayo Doce

José Tomé Roca

Modesto Pose Mesura

María Carmen Acuña do Campo

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Beatriz Sestayo Doce na data 30/03/2011 19:36:04

José Tomé Roca na data 30/03/2011 19:36:09

Modesto Pose Mesura na data 30/03/2011 19:36:16

María Carmen Acuña Docampo na data 30/03/2011 19:36:21

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Lage Tuñas, Modesto Pose Mesura e Carmen Acuña do Campo, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Interpelación **para o seu debate en Pleno co obxecto de que o Goberno galego explique a posible modificación fraudulenta da Oferta Pública de Emprego do Sergas do ano 08/09 no referido ás vacantes ofertadas en diferentes centros sanitarios.**

Dende o pasado mes de xullo de 2010 os opositores do grupo de xestión da Función Administrativa do Sergas levan agardando para a súa toma de posesión despois de ter superadas as diferentes probas e a fase de concurso.

Neste grupo convocáronse 26 prazas, sendo vintetrés as persoas que superaron tódalas probas e polo tanto que teñen dereito ao acceso ás citadas prazas.

Estes cidadáns levan meses agardando unha resposta da administración, que lle nega a información sobre o acceso ás súas prazas e a conseguinte elección de destino.

Na previsión inicial de prazas vacantes recollida na OPE na categoría do Grupo de Xestión da Función Administrativa eran 7 para o Complexo Hospitalario Xeral - Calde de Lugo e 1 na Xerencia de Atención Primaria de Lugo, o que supón un total de 8 prazas na mencionada cidade.

No concurso de traslados, previo á elección de destinos do novo persoal estatutario fixo, a oferta de vacantes para Lugo mantíñase en 8, 6 no Hospital Xeral - Calde e 2 na Xerencia de Atención Primaria.



 Grupo Parlamentario

As dúas prazas da Xerencia foron cubertas por persoal que prestaba os seus servizos no Hospital Xeral - Calde, quedando, por conseguinte, vacantes as dúas prazas que deixan.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A existencia de persoal temporal que está ocupando as prazas ofertadas non debe ser obstáculo para a súa ocupación lexítima por parte de quen gañou unha praza nun proceso selectivo e máis cando o persoal que ocupa de forma temporal esas prazas ou ben nin participou no proceso da oposición ou ben non o superou.

A falta de resposta do Goberno galego ás demandas presentadas polos afectados e a existencia dun borrador que adultera a oferta de prazas vacantes nos centros hospitalarios públicos pon de manifesto a existencia de intereses alleos ao bo funcionamento da función pública e ao cumprimento da legalidade vixente.

Pola información recibida sábese que non se trata dunha amortización de prazas xa que daquela serviría para rescindir os contratos do persoal temporal, senón que desaparecen as prazas ofertadas inicialmente co obxecto de seguir mantendo ao persoal temporal nas citadas prazas, o que constitúe un fraude e ademais supón un custe adicional e un mal uso dos fondos públicos.

Cabe recordar que o artigo 9 da Lei 55/2003, de 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde establece no seu artigo 9 que “o nomeamento con carácter interino expedirase para o desempeño dunha praza vacante dos centros ou servizos de saúde, cando sexa necesario atender as correspondentes funcións. Acordarase o cesamento do persoal interino cando se incorpore persoal fixo, polo procedemento legal ou reglamentariamente establecido, á praza que desempeñe, así como cando dita praza resulte amortizada”.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Doutra banda, o artigo 38 do Decreto 206/2005, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde sinala que “A incorporación de persoal estatutario fixo realizárase en prazas vacantes dotadas presupuestariamente, principiando a incorporación en prazas básicas vacantes”. O artigo 39 sinala que “Esgotadas as prazas referidas no artigo anterior, a incorporación realizárase nas prazas vacantes dotadas presupuestariamente, calquera que fose a data da súa xeración, que estean desempeñadas temporal ou provisionalmente, procedendo ao cesamento do persoal que as ocupe”.

Unha vez máis estamos diante dunha utilización partidaria da función pública galega co obxecto de satisfacer intereses de parte e non o interese xeral e o cumprimento da legalidade.

A desastrosa xestión do director xeral da función pública no ámbito xeral da xestión dos procesos selectivos de acceso á función pública e a estreita colaboración que está tendo por parte da Consellería de Sanidade para incrementar os despropósitos neste ámbito de xestión converte a función pública galega en fonte permanente de conflitos e noticias negativas, o que causa un serio deterioro á imaxe da administración pública galega.

Co obxecto de que o Goberno galego aporte as explicacións oportunas no Parlamento de Galicia, os deputados e a deputada asinantes interpelean ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Cal foi a oferta de prazas vacantes vinculada á OPE de Sanidade no referido ao grupo de xestión da Función Administrativa?
2. Cal foi a oferta de prazas vacantes incluída no concurso de traslados convocado con posterioridade?
3. Por que non respondeu a administración aos requirimentos dos opositores que teñen gañada a súa praza despois de superar diferentes probas do proceso selectivo así como a fase de concurso?



Grupo Parlamentario

4. Cal é a oferta de prazas que fixo finalmente o goberno aos aprobados no grupo de xestión da Función Administrativa?
5. Por que non se cobren todas as prazas vacantes ofertadas inicialmente en diferentes centros hospitalarios?
6. Por que se manteñen en prazas fixas vacantes a persoal temporal cando existen opositores que gañaron o dereito a ocupar esas prazas?
7. Que intereses protexe o Goberno galego con este tipo de prácticas?
8. Cal é o custe económico para as galegas e os galegos de manter en prazas vacantes a persoal temporal que debería ter cesado?

Pazo do Parlamento, 31 marzo de 2011

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas

Modesto Pose Mesura

Carmen Acuña do Campo

Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 31/03/2011 11:43:43

Modesto Pose Mesura na data 31/03/2011 11:43:49



 Grupo Parlamentario

María Carmen Acuña Docampo na data 31/03/2011 11:43:53

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

M^a José Caride Estevez, Ismael Rego González, Manuel Gallego Lomba e Carmen Acuña Do Campo, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A orde de 3 de marzo sobre o contido mínimo da memoria económico-financeira nos casos de iniciativas lexislativas ou de aprobación de normas de rango regulamentario, plan ou programas, establece como unha das alternativas para o financiamento de actuacións da Xunta de Galicia o establecemento de prezo privado-copago.

A posibilidade de introducir copago na prestación de servizos públicos básicos como os sanitarios ou educativos derivada desta orde, motiva a presentación por parte das deputadas e deputados asinantes da seguinte interpelación:

1.^a) A que servizos ou actuacións pensa o goberno galego aplicar fórmulas de copago?

2.^a) Vai o Goberno galego a introducir o copago na prestación de servizos sanitarios?

3.^a) Cree o Goberno galego que o copago de servizos públicos básicos é un modelo axeitado para financiar estes servizos?

4.^a) Cree o Goberno galego que o copago de servizos públicos básicos mellora a distribución da renda?

Pazo do Parlamento, 31 de marzo de 2011

Asdo.: M^a José Caride Estevez
Ismael Rego González
Manuel Gallego Lomba
Carmen Acuña Do Campo



Grupo Parlamentario

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María José Caride Estévez na data 31/03/2011 14:03:45

Ismael Rego González na data 31/03/2011 14:03:52

José Manuel Gallego Lomba na data 31/03/2011 14:04:01

María Carmen Acuña Docampo na data 31/03/2011 14:04:08

Partido dos
Socialistas
de Galicia

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 147 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Interpelación con trámite de urxencia**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Xustificación da Urxencia

O Tribunal Supremo vén de anular en casación o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ourense, o principal instrumento de planificación e ordenación urbana con que conta unha cidade para medrar e desenvolverse. A gravidade da situación fai preciso debater as alternativas que deberán de artellarse para paliar e minorar as consecuencias dunha norma declarada ilegal.

Foi no ano 2003 mediante a Orde do 29 de abril, cando o conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, D. Alberto Núñez Feijóo, aproba definitivamente o principal instrumento urbanístico da cidade das Burgas: o Plan Xeral.

O pronunciamento do Tribunal Supremo en casación, vén a confirmar a sentenza 296/2008, no seu día promulgada pola Sección Segunda da Sala do Contencioso – Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que declarou nula e contraria a dereito a aprobación definitiva do planeamento urbanístico da terceira cidade máis poboada de Galicia.

Este acto xudicial remata dun xeito drástico co plan de urbanismo de Ourense aprobado o 14 de marzo de 2002 cos votos do Partido Popular no Concello de Ourense e ratificado de xeito definitivo polo daquelas conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda. Unha sentenza demoledora que ratifica que a principal norma urbanística da cidade de Ourense é contraria ao ordenamento xurídico vixente, porque a planimetría que no seu día superou a aprobación inicial non foi sometida a información pública.

Produciuse unha grave manipulación fraudulenta dos planos que deben superar un dos trámites máis importante de todo o procedemento de aprobación dos instrumentos de planificación urbanística: a información pública, o coñecemento por parte dos cidadáns que se verán directamente

 Grupo Parlamentario

afectados polas normas que rexen o ordenación e o desenvolvemento do espazo urbano, do territorio.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A maiores se declara contraria a dereito a aprobación definitiva do PXOM de Ourense por cometer un defecto de orde procedemental na tramitación do expediente ao non constar o preceptivo informe en materia de telecomunicacións.

Tendo en conta que o recente pronunciamento xudicial declara nulo de pleno dereito o PXOM de 2003 e que polo tanto devén ineficaz, é polo que o Grupo Parlamentario Socialista interpela ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que valoración e conclusións sacan, diante deste pronunciamento xudicial, os actuais responsables políticos da Xunta de Galicia que tamén foron no seu día os que validaron o Plan Xeral que agora se anula?
2. Cales son as medidas que pensa adoptar a consellería competente en materia de ordenación do territorio para paliar esta situación tan grave para o desenvolvemento urbanístico de Ourense até que se poida aprobar o novo plan de urbanismo que se está a elaborar?
3. Está en disposición a Xunta de Galicia de decretar de xeito urxente unha necesaria ordenación transitoria para o Concello de Ourense?
4. Que responsabilidades se derivan deste demoledor pronunciamento xudicial que vai afectar ao crecemento urbano da cidade das Burgas?
5. É este o modelo urbanístico que se volve aplicar hoxe en día por parte dos actuais xestores do Goberno de Galicia, onde prima o interese particular sobre o interese xeral e a ausencia de rigor na tramitación dos instrumentos de planificación urbanística?

Pazo do Parlamento, 30 de marzo de 2011



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Manuel Vázquez Fernández na data 30/03/2011 17:38:45

Abel Fermín Losada Álvarez na data 30/03/2011 17:38:50

María José Caride Estévez na data 30/03/2011 17:38:56

José Luis Méndez Romeu na data 30/03/2011 17:39:01

María Concepción Burgo López na data 30/03/2011 17:39:06

Ricardo Jacinto Varela Sánchez, Vicepresidente 2º na data 30/03/2011 17:39:15

Beatriz Sestayo Doce na data 30/03/2011 17:39:23

Carmen Gallego Calvar na data 30/03/2011 17:39:29

María Carmen Acuña Docampo na data 30/03/2011 17:39:34

Francisco Cerviño González na data 30/03/2011 17:39:42

Mar Barcón Sánchez na data 30/03/2011 17:39:49

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 30/03/2011 17:39:56

Juan Carlos Francisco Rivera na data 30/03/2011 17:40:02

Maria del Carmen Cajide Herves na data 30/03/2011 17:40:08

José Manuel Gallego Lomba na data 30/03/2011 17:40:16

José Manuel Lage Tuñas na data 30/03/2011 17:40:20

Silvia Belén Fraga Santos na data 30/03/2011 17:40:25

Pablo Xabier López Vidal na data 30/03/2011 17:40:31

María Remedios Quintas Álvarez na data 30/03/2011 17:40:36

Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 30/03/2011 17:40:44

Marisol Soneira Tajés na data 30/03/2011 17:40:51

Modesto Pose Mesura na data 30/03/2011 17:41:06

Ismael Rego González na data 30/03/2011 17:41:13

Sonia Verdes Gil na data 30/03/2011 17:41:18

Partido dos
Socialistas
de Galicia



 Grupo Parlamentario

José Tomé Roca na data 30/03/2011 17:41:25

Partido dos
Socialistas
de Galicia



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Marisol Soneira Tajés, María José Caride Estévez, José Manuel Gallego Lomba e Francisco Cerviño González, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O Grupo Parlamentario Socialista ten preguntado na Comisión 8ª deste Parlamento sobre a subvención concedida á confraría de Cambados para a adquisición dunha embarcación da 4ª lista e o seu prezo desproporcionado con respecto a outras de similar porte adquiridas por particulares.

A día de hoxe non nos consta que a Consellería do Mar tivese feito ningunha xestión tendente a clarificar por que esta embarcación resultou tan cara, ou porque o equipamento con que a dotaron está sempre por riba dos prezos de mercado.

As deputadas e os deputados que asinan esta iniciativa temos auténtico interese en preguntar á Sra. conselleira do Mar:

Que medidas pensa tomar a Sra. conselleira do Mar para clarificar as circunstancias polas que esta embarcación duplica, cando menos, o prezo de calquera outra de similares características?

Pazo do Parlamento, 28 de marzo de 2011

Asdo: Marisol Soneira Tajés
María José Caride Estévez
José Manuel Gallego Lomba
Francisco Cerviño González

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marisol Soneira Tajés na data 28/03/2011 13:12:33



 Grupo Parlamentario

María José Caride Estévez na data 28/03/2011 13:12:37

José Manuel Gallego Lomba na data 28/03/2011 13:12:42

Francisco Cerviño González na data 28/03/2011 13:12:47

.....
Partido dos
Socialistas
de Galicia
.....



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2011 11:10
Nº Rexistro: 62942
Data envío: 29/03/2011 11:10:55.703

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín e Ana Belén Pontón Mondelo, deputadas do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela é unha infraestrutura educativa fundamental para a capital de Galiza e para o sistema educativo galego. Mais a día de hoxe ten unha serie de deficiencias que impiden dar resposta a todas as demandas e necesidades educativas da poboación. Actualmente o número de alumnado do centro ascende a 503 persoas a pesar de ofertar as mínimas prazas e de non poder aceptar a grande maioría das solicitudes de traslado de expediente. As consecuencias son importantes: prazas insuficientes, horarios inadecuados, espazos improvisados para aulas e imposibilidade de rematar o Grado Profesional o alumnado provinte doutros conservatorios.

Asemade, o conservatorio enfróntase á falta de persoal subalterno que dificulta o normal desenvolvemento da actividade lectiva. Neste momento, o centro conta con dous conserxes, cando o horario de apertura do centro vai de 7:45 e 22:15 horas de maneira ininterrompida. Polo tanto, o servizo queda desatendido ante calquera baixa, permiso, etc., dun deles. A situación faise insostíbel e sumamente grave na quenda da tarde, xa que é nesta quenda cando se concentra a maioría do alumnado e do profesorado e se desenvolve a maioría da actividade lectiva e da realización doutras actividades, chegando, como esta sucedendo desde hai algún tempo, a que os membros do equipo directivo teñan que suplir as funcións propias dos subalternos,



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2011 11:10
Nº Rexistro: 62942
Data envío: 29/03/2011 11:10:55.703

debido á ausencia do subalterno da quenda da tarde. A isto hai que engadirlle que o centro desde a súa posta en marcha duplicou o alumnado e, mestres tanto, non foi dotado nin con máis persoal subalterno nin administrativo. De feito, o centro conta cunha soa persoa administrativa que non pode abarcar o volume de traballo dun centro destas características.

Por isto, formúlase a seguinte pregunta:

Que medidas pensa adoptar a Consellaría de Educación para mellorar as dotacións do Conservatorio de Santiago de Compostela?

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2011.

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 29/03/2011 11:05:04

Ana Belén Pontón Mondelo na data 29/03/2011 11:05:06



Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Fernando Xabier Blanco Álvarez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Pleno**.

O pasado 12 de agosto de 2010 o Conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Alfonso Rueda, despois de reunirse co Alcalde de Muras, Issam Alnagm Azzam, anunciaba o apoio da Consellaría que dirixe a un proxecto para a construción dunha aldea etnográfica no concello de Muras mediante subvención con cargo ao Fondo de Compensación Ambiental, especificando que o concello de Muras será o máximo beneficiado na repartición deste fondo ao tratarse do concello galego con maior número de aeroxeneradores instalado.

Segundo recoñecía o propio alcalde o 13 de agosto do mesmo ano, este é un proxecto que leva máis de dez anos preparando e, aínda que a axuda non está definitivamente concedida, conta co compromiso da Xunta para un investimento de aproximadamente 650.000 euros e pretende a súa posta en marcha non verán de 2012. Segundo o mesmo alcalde *“a nova aldea aínda non conta cunha situación definitiva porque serán os veciños quen oferten os terreos a partir do 1 de setembro”*, especificando que *“a 30 de novembro deberá estar adxudicada a situación final, tendo que cumprir os requisitos de ter un terreo de máis de dez Has., cun mínimo de cinco vivendas,*



Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

cunha separación menor de 200 mts. entre unha e outra, con auga, algún cabozo e un forno”. Posteriormente procederase aos trámites administrativos a fin de iniciar as obras a principios de 2011.

O Boletín Oficial da Provincia de Lugo publicaba, con data 15 de outubro de 2010, o anuncio do concello de Muras para *“Adquisición onerosa de terreos e bens inmobles para a posta en marcha dunha aldea etnográfica”*, dando un prazo de dez días hábiles para a presentación da documentación dende a data de publicación no BOP e perfil do contratante; o acto de apertura de ofertas sería o terceiro hábil (non sábado) após o remate da presentación de propostas.

Segundo o Prego de Condicións Administrativas, publicado pola área de Contratación do Estado o 22 de outubro de 2010, a contía do contrato é de 649.744,28 euros. (IVE excluído), abonándose con cargo a una partida do orzamento do concello de Muras polo expediente de xeración de créditos 6/2010 pola Resolución da Consellaría de Presidencia, Administración Públicas e Xustiza de 6 de outubro de 2010, ditada ao amparo da Orde de 25 de xuño reguladora da Convocatoria de Subvencións e criterios de reparto do Fondo de Compensación Ambiental.

Atendendo a informacións publicadas en diferentes medios de comunicación, as bases para a adquisición deses terreos estaban feitas a medida de acordo cos intereses de persoas moi próximas ao alcalde de Muras, beneficiándose da venda dunhas propiedades que el mesmo tiña adquirido ao longo dos últimos anos.



Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Polo exposto, preséntase a seguinte pregunta:

Ten previsto a Consellaría iniciar algún procedemento investigador para aclarar o destino do Fondo de Compensación Ambiental no caso do Concello de Muras?

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2011.

Asdo.: Fernando Xabier Blanco Álvarez

Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Fernando Xabier Blanco Álvarez na data 29/03/2011 13:11:38



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2011 13:55
Nº Rexistro: 63060
Data envío: 29/03/2011 13:55:14.111

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa ás medidas previstas para o cumprimento do Plano Xeral de Normalización da Lingua Galega no referente á presentación no Parlamento das medidas para o desenvolvemento deste Plano.

O 21 de setembro de 2004, o Pleno do Parlamento de Galiza aprobaba por unanimidade (BNG-PP-PSOE) o Plano Xeral de Normalización da Lingua Galega (PXNLG), así como unha serie de resolucións referidas ao desenvolvemento do propio Plano, nos seguintes termos literais:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza ao establecemento de procedementos de seguimento, avaliación e control do Plano Xeral de Normalización da Lingua Galega, informando con regularidade ao Parlamento”.

Tamén, nunha dirección similar de control parlamentar:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a presentar ante o Parlamento a programación anual para o desenvolvemento das medidas propostas no Plano Xeral de Normalización da Lingua Galega”.

Porén, lamentabelmente, malia ao mandato parlamentar expreso, o Goberno do Partido Popular vulnera o establecido na resolución aprobada (coherentemente coa súa dinámica de desprezo e conculcación sistemática do Plano Xeral de



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2011 13:55
Nº Rexistro: 63060
Data envío: 29/03/2011 13:55:14.111

Normalización da Lingua Galega), e non presenta no Parlamento ningunha programación anual.

Estas son as razóns que levan ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego a formular a seguinte Pregunta oral en Pleno dirixida ao Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria:

Por que se incumpriu este mandato parlamentar?

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2011.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 29/03/2011 13:26:00



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 29/03/2011 18:11

Nº Rexistro: 63090

Data envío: 29/03/2011 18:11:51.422

Á Mesa do Parlamento

Teresa Táboas Veleiro, Alfredo Suárez Canal e María Tereixa Paz Franco, deputadas e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, sobre a anulación do PXOM de Ourense.

A recente sentenza que anula o PXOM de Ourense, aprobado no ano 2003, pon ao descuberto unha certa forma de facer urbanismo en Galiza e xera unha situación de enorme preocupación para todos os veciños e veciñas da cidade e tamén para as súas institucións municipais e sociais.

Cando se aprobou o Plan a corporación municipal foi advertida daquela do enorme error que se estaba a cometer e mesmo que había serios perigos de que fose ilegal por diversas cuestións. En aquela ocasión a corporación municipal de Ourense, con maioría absoluta do PP, non atendeu ningunha das advertencias que, mesmo desde distintos ámbitos técnicos, pero tamén o BNG na corporación municipal, puxemos de manifesto. No seu momento nos puxemos o aceno en que en diversos aspectos do plan primaba o interese particular sobre o xeral e que mesmo existía unha certa perspectiva de darlle legalidade a convenios que poderían considerarse “pelotazos urbanísticos”.

O PP de Ourense non atendeu a razóns e tirou para adiante, contou ademais coa sanción favorable da Xunta de Galicia. Convén lembrar que o actual presidente exercía daquela como conselleiro de política territorial, e xa que logo era o responsable das competencias da Xunta en materia urbanística.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2011 18:11
Nº Rexistro: 63090
Data envío: 29/03/2011 18:11:51.422

Aquel plan sometido a múltiples procesos xudiciais, estivo en vigor e foi, polo tanto, o que marcou o desenvolvemento urbanístico da cidade nestes anos. Pero agora ven de producirse unha sentenza que definitivamente anula o plan de 2003 e coloca o concello nunha situación enormemente delicada e que xera moita preocupación, xa que a anulación do plan e de todo o planeamento que del se deriva retrotrae a ordenación urbanística da cidade ao ano 1986.

Ante a situación creada o concello reaxiu rapidamente e aprobou nun pleno unha decisión de emerxencia para salvar as actuacións estratéxicas en marcha e que non se bloqueen pola paralización do plan, dándolle un certo grado de seguridade xurídica aos cidadáns.

Parece lóxico pensar que a Xunta, que no seu momento foi en certa maneira cómplice do desatino que significou a aprobación do Plan do 2003, non utilice agora o seu poder para dilatar a probación da solicitude que se aprobou no concello de Ourense para desbloquear a situación.

Vemos con preocupación aparecer de novo en este asunto a estratexia de derivar responsabilidades en todas as direccións con tal de evitar as propias. O Presidente da Xunta ten responsabilizado a corporación actual da situación creada. O mundo ao revés, os que aprobaron o plan, Presidente actual e daquela conselleiro incluído, e crearon a situación con enormes implicacións e derivacións de toda índole, que xa veremos onde rematan, son esculpados polo propio Presidente de toda responsabilidade. Curiosa maneira de entender a política e as responsabilidades: os que toman as decisións non son responsables e si os que as padecen.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 29/03/2011 18:11

Nº Rexistro: 63090

Data envío: 29/03/2011 18:11:51.422

En calquera caso a preocupación que nos xera esta actitude acrecentase porque pensamos que pode ser o preludio para que dende a Xunta se dilate innecesariamente a tramitación da decisión adoptada no Pleno da Corporación Municipal de Ourense para desbloquear a situación.

Ante isto, presentase a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

¿Cal é o itinerario que pensa desenvolver a Xunta para aprobar a proposta que se acordou no concello de Ourense para desbloquear a situación xerada pola anulación xudicial do PXOM do 2003?

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2011.

Asdo.: Teresa Táboas Veleiro

Alfredo Suárez Canal

María Tereixa Paz Franco

Deputadas e deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Teresa Táboas Veleiro na data 29/03/2011 17:48:34

Alfredo Suárez Canal na data 29/03/2011 17:48:40



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2011 18:11
Nº Rexistro: 63090
Data envío: 29/03/2011 18:11:51.422

María Tereixa Paz Franco na data 29/03/2011 17:48:46

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Concepción Burgo López, Ricardo Varela Sánchez, José Tomé Roca, Sonia Verdes Gil e Ismael Rego González, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta oral en Pleno**

O 24 de xaneiro de 2011 o presidente Feijoo afirmou, nun acto celebrado en Palas de Rei, que a Xunta chegara a un acordo cos Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres, herdeiros de Manuel Taboada, conde de Borraxeiros, para adquirir o Castelo de Pambre por un importe de 5.200.000 € pagaderos en 15 anos, a razón de 350.000€ anuais.

Na mesmo acto, o presidente da Xunta afirmou que o paso seguinte sería que os representantes legais da Xunta de Galicia e da Orde relixiosa pecharan a transmisión dos bens para logo formalizar o acordo.

Pero dende xaneiro nada sabemos sobre a firma da escritura de venda, xurdindo dúbidas preocupantes sobre a formalización real da compra.

Sendo como é o Castelo de Pambre a mellor mostra da arquitectura militar medieval en Galicia e un recurso cultural e turístico de primeira importancia para o concello de Palas de Rei e a provincia de Lugo, é necesario que se aclare quen é o seu verdadeiro propietario e todas as circunstancias da anunciada compra por parte da Administración.

Polo exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:



Grupo Parlamentario

Formalizouse a escritura de compra, por parte da Xunta de Galicia, do Castelo de Pambre en Palas de Rei?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 29 de marzo de 2011

Asdo.: Concepción Burgo López
Ricardo Varela Sánchez
José Tomé Roca
Sonia Verdes Gil
Ismael Rego González
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Concepción Burgo López na data 29/03/2011 17:22:32

Ricardo Jacinto Varela Sánchez na data 29/03/2011 17:22:36

José Tomé Roca na data 29/03/2011 17:22:41

Sonia Verdes Gil na data 29/03/2011 17:22:44

Ismael Rego González na data 29/03/2011 17:22:47



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2011 10:28
Nº Rexistro: 63174
Data envío: 30/03/2011 10:28:06.695

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo e Teresa Táboas Veleiro, deputadas do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á situación na que se atopa o Polígono Industrial da Barbanza.

A comarca da Barbanza padece un déficit de solo empresarial que limita a expansión do seu tecido industrial, así como, o asentamento de novas actividades que impulsen a creación de emprego. O Goberno Galego asumiu durante a pasada lexislatura a necesidade de corrixir esta eiva, impulsando de maneira decidida a creación de solo produtivo. Así, neste período, ampliouse o polígono de Boiro, iniciouse un polígono en Rianxo e un macropolígono comarcal entre os concellos de Ribeira e A Pobra do Caramiñal. Un impulso sen precedentes á creación de solo empresarial, que rachaba co desleixo e abandono que caracterizou aos anteriores executivos presididos polo PP.

Mais, nos últimos dous anos, a Xunta de Galiza retomou a política da parálise neste ámbito. O exemplo máis claro é a situación na que se atopa o Polígono Comarcal previsto na Barbanza. A pesar de que este proxecto estaba en marcha e só cumpría darlle continuidade a súa tramitación, leva paralizado desde marzo de 2009. Antes desta data a Xunta estaba cumprindo cos seus compromisos e levara adiante os trámites necesarios para poder iniciar a urbanización deste parque. Os datos son ben elocuentes e indican que o Goberno anterior fixo:

1. os estudos de viabilidade,



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2011 10:28
Nº Rexistro: 63174
Data envío: 30/03/2011 10:28:06.695

2. o proxecto sectorial do parque empresarial e o informe de sustentabilidade ambiental (sometido a información pública no DOG do 21 de agosto de 2008);
3. a declaración de incidencia supramunicipal do proxecto sectorial (DOG de 12 de setembro de 2008);
4. e a adxudicación da redacción do proxecto de expropiación (novembro de 2008).

Porén, a actual Xunta de Galiza, decide paralizar toda a tramitación deste parque, con declaracións contraditorias e confusas que só buscan tapar a súa irresponsabilidade e falta de compromiso. O DOG deixa conta de como se paralizan as actuacións e agora só temos declaracións en prensa, con anuncios que non se cumpren e cun claro intento de confundir aos veciños e veciñas da Barbanza sobre este proxecto. Sirva como mostra un pequeno repaso das declaracións e compromisos adquiridos por diferentes responsábeis da Xunta e do PP.

O 30 de setembro de 2009 a Xunta remite unha resposta que determina con clareza a situación do Parque Empresarial da Barbanza e as súas responsabilidades á hora de continuar ou non con este proxecto. De feito, a esa altura, o Goberno reconece que “O polígono industrial do Barbanza atópase actualmente en fase de tramitación do seu proxecto sectorial. O proxecto de expropiación está redactado, pero non se pode tramitar mentres non se aprobe definitivamente”.

O 6 de novembro de 2009, o Director do IGVS afirma que o polígono “sigue a súa tramitación e que se fará por fases en función da demanda real de solo”. Asegura que está pendente do informe de impacto ambiental, “a punto de concluír”, e que despois



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2011 10:28
Nº Rexistro: 63174
Data envío: 30/03/2011 10:28:06.695

continuará co proxecto de expropiación. Engadiu que había mais de dous millóns de euros presupostados para continuar coa tramitación.

Os orzamentos da Xunta de Galiza do ano 2010 desmentían estas afirmacións ao non prever ningún investimento neste polígono. Desde o G. P. do BNG tentamos corrixir isto a través da presentación dunha emenda. Mais o PP votou en contra da mesma, impedindo consignar fondos no 2010 para a execución deste polígono. Situación que se repite nos orzamentos do ano 2011.

Após estas declaración do Director do IGVS comprobamos como este departamento paralizou o polígono. Os meses ían pasando sen que a Xunta de Galiza aprobara os proxectos definitivamente. O BNG denunciou esta situación reiteradamente sen que a Xunta de Galiza mudara a súa actitude. Porén, esta presión política, e a demanda unánime dos sectores económicos da comarca, levaron ao Goberno a mudar de estratexia, intentando aparentar un compromiso con esta actuación.

Así, o 29 de Marzo de 2010 a corporación de Ribeira apoiaba unanimemente unha moción do BNG reclamando que a Xunta retomara este proxecto. No debate da mesma os representantes do PP insistían na idea de facer o polígono por fases e indicaban que existía unha partida de dous millóns de euros nos orzamentos da Xunta de Galiza para o estudo de impacto ambiental e as expropiacións.

Poucos meses despois, o 20 de maio de 2010, os alcaldes de Ribeira e A Pobra, nunha xuntanza coas patronais destes concellos, afirmaban que ía reactivar o proxecto, que o polígono estaría plenamente operativo no 2012, e unha fase finalizada no 2011. Para acadar este obxectivo tiñan xa concertada unha xuntanza co Director do IGVS. Esta



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2011 10:28
Nº Rexistro: 63174
Data envío: 30/03/2011 10:28:06.695

xuntanza prodúcese o 18 de xuño. Nas declaracións feitas públicas con posterioridade, a Xunta asumía o compromiso de ter finalizados os informes antes do remate de 2010 e iniciar a primeira fase nese ano.

Rematado o ano 2010, é fácil comprobar como todas estas promesas caeron en saco roto, e nin se ten aprobado o Plan Sectorial, nin a Xunta prevé iniciar as obras deste polígono no 2011. Extremo que ficou claro cando o PP votou en contra dunha proposición non de lei presentada polo G.P. do BNG o pasado 19 de novembro, no que textualmente pediamos “instar á Xunta a retomar de maneira inmediata a tramitación de solo empresarial previsto na comarca da Barbanza, nos concellos de Ribeira e A Pobra do Caramiñal, axilizando toda a tramitación administrativa e garantindo unha dotación orzamentaria que posibilite que o polígono poda estar operativo no ano 2012”.

E agora, coas eleccións municipais ás portas, o PP nunha clara instrumentalización partidista e electoralista da Xunta de Galiza, retoma á estratexia da declaración enganosa, e elude aclarar as súa irresponsabilidade por ter paralizado este proxecto tan necesario e agardado na comarca da Barbanza. En menos de dous meses o Conselleiro de Medio Ambiente, Transporte e Infraestructuras -en actos partidarios- anuncia a aprobación do Plan Sectorial antes das eleccións de Maio. Faino poucos días despois de rexeitar no Parlamento de Galiza unha proposta de resolución do noso grupo solicitaba que “a Xunta de Galiza, no marco da promoción e creación de solo empresarial, priorizara e axilizara a tramitación do Polígono Industrial da Barbanza, iniciando as obras de urbanización no presente ano.”



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2011 10:28
Nº Rexistro: 63174
Data envío: 30/03/2011 10:28:06.695

Eis o elemento clave en toda esta cerimonia de confusión: aclarar cando se van iniciar as obras de urbanización e os prazos para a posta en servizo deste solo empresarial que a actual Xunta de Galiza leva boicoteando durante dous anos.

Polo dito, formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

En que data ten previsto a Xunta de Galiza iniciar as obras de urbanización do Polígono Industrial da Barbanza?

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2011.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Teresa Táboas Veleiro

Deputadas do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 30/03/2011 10:25:34

Teresa Táboas Veleiro na data 30/03/2011 10:25:38



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2011 10:39
Nº Rexistro: 63176
Data envío: 30/03/2011 10:39:51.740

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Pleno**, relativa ás razóns polas que a Xunta de Galiza non remitiu ao Parlamento o informe sobre a situación da violencia de xénero en Galiza que establece a Disposición Adicional Cuarta da Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

A Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero establece na súa Disposición Adicional Cuarta a obriga de remitir “con carácter anual, un informe sobre a situación da violencia de xénero, que contará coas achegas de todos os departamentos implicados na prevención e no tratamento da violencia de xénero”. A piques de rematar o mes de Marzo este informe non foi aínda remitido. Para o BNG é importante que este informe se elabore e sexa enviado á Cámara galega, non só por ser unha obriga legal, senón porque ten que servir para avaliar o feito nesta materia e deseñar estratexias de futuro que permitan unha mellor resposta das administracións ante a violencia machista e intensificar as actuacións de prevención.

É grave que por segundo ano consecutivo teñamos que reclamar a remisión deste informe. No pasado ano, a Xunta de Galiza tamén demorou, remitíndoo finalmente ante a insistencia do noso Grupo. En todo caso agardamos que esta dilación non teña que ver co intento de evitar un debate serio e demorado sobre as políticas que neste terreo está desenvolvendo a Xunta de Galiza.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2011 10:39
Nº Rexistro: 63176
Data envío: 30/03/2011 10:39:51.740

O Grupo parlamentar do BNG é moi crítico cos recortes que se están dando neste ámbito, así como, polo incumprimento dos compromisos adquiridos en sede parlamentar polo Conselleiro de Presidencia nesta materia -singularmente en relación co desenvolvemento da Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. A crise está provocando retrocesos neste ámbito e a Xunta debería de actuar con maior rapidez, destinar máis recursos e non paralizar a aplicación de leis e reducir medios e axudas.

Polo dito, formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Que motiva un novo retraso na remisión do informe sobre a situación da violencia de xénero en Galiza que establece a Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, na súa disposición adicional cuarta?

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2011.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo
Deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 30/03/2011 10:03:25

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Beatriz Sestayo Doce e María Carmen Cajide Hervés, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

As vivendas das Felgosas, radicadas no concello de Cerdido, están nun estado lamentable polo abandono da Administración autonómica dirixida por Núñez Feijoo que, lonxe de asumir os compromisos adquiridos no seu día pola Xunta de Galicia coa veciñanza de Cerdido, mantén un silencio absoluto permitindo que estas vivendas de protección autonómica se estean a deteriorar tras os danos causados polo temporal Klaus

Así, e tras a constatación dos danos causados polo temporal o Consello da Xunta presidido por Emilio Pérez Touriño era informado da necesaria contratación das obras de reparación das VPA, tras a inspección por parte dos técnicos da Delegación Provincial da Coruña, que acreditaban a urxente necesidade de reparación de tales vivendas.

O departamento autonómico de Vivenda acordaba liberar unha partida orzamentaria de 176.442 euros para a devandita reparación, e de feito, se acometeron de inmediato as obras de reparación dos tellados levantados polo Klaus.

O cambio de Goberno na Xunta de Galicia trouxo, unha vez máis, o abandono de actuacións urxentes abandonando á súa sorte aos veciños e ás veciñas destas vivendas. Unha vez que o Goberno do PP toma posesión, non só se paralizan as obras de reparación das devanditas VPA senón que non se volve a facer nin unha soa actuación máis nesas vivendas que presentan un estado precario e nocivo para as persoas residentes nelas.

O “superdelegado “provincial de Coruña, Diego Calvo, comprometeuse ao que parece ser a súa frase preferida “estudar o tema e dar unha resposta “ pero o estudo e a resposta seguen sen ser dados,



 Grupo Parlamentario

no que vén sendo a práctica habitual da Delegación provincial da Coruña e da Xunta de Galicia.

..... En virtude do exposto, as deputadas que asina formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

..... Vai adoptar a Xunta de Galicia medidas de reparación das vivendas de protección autonómica (VPA) de Felgosas de xeito inmediato?

Pazo do Parlamento, 30 de marzo de 2011

Asdo: Beatriz Sestayo Doce
María Carmen Cajide Hervés
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Beatriz Sestayo Doce na data 30/03/2011 13:09:23

Maria del Carmen Cajide Herves na data 30/03/2011 13:09:27

Á Mesa do Parlamento

Jesús A. Goldar Güimil, Daniel Varela Suanzes-Carpegna, Alejandro Gómez Alonso, José Carlos López Campos, Jaime Castiñeira Broz, Marta Rodríguez Arias, Rosa Oubiña Solla, Marta Valcárcel Gómez e Ignacio López-Chaves Castro, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, o abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte
Pregunta para a súa resposta Oral en Pleno.

O organismo Augas de Galicia, dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras da Xunta de Galicia, ven de presentar publicamente -nun acto ao que asistiron os alcaldes das localidades afectadas- a posta en marcha do Plan de Xestión Integral da conca do Río Umia, cumprindo con elo o compromiso avanzado no pasado mes de novembro con motivo da situación acontecida pola proliferación da alga microcystis spp. no encoro de A Baxe, no concello de Caldas de Reis, na provincia de Pontevedra.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta, para a súa resposta oral en Pleno:

¿En que consistirán as actuacións contidas no Plan de Xestión Integral da Conca do Río Umia?

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2011

Asinado dixitalmente por:

Jesús Antonio Goldar Güimil na data 30/03/2011 13:15:05

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 30/03/2011 13:15:13

Alejandro Gómez Alonso na data 30/03/2011 13:15:21

José Carlos López Campos na data 30/03/2011 13:15:29

Jaime Castiñeira Broz na data 30/03/2011 13:15:36

Marta Rodríguez Arias na data 30/03/2011 13:15:48

Rosa Oubiña Solla na data 30/03/2011 13:15:53

Marta Valcárcel Gómez na data 30/03/2011 13:16:02

Ignacio Javier López-Chaves Castro na data 30/03/2011 13:16:13



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Carmen Cajide Hervés, Carmen Acuña do Campo e Modesto Pose Mesura, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A Alcaldesa de Cuntis, ten demandado reiteradamente melloras no Servizo Galego de Saúde para que os veciños e as veciñas do municipio conten co servizo sanitario que lles corresponde.

Unha desas reivindicacións de mellora, para os servizos sanitarios de Cuntis, era a de ampliar a atención insuficiente de pediatría, que compartía co Concello de Moraña, pasándoo a un servizo estable a xornada completa.

Pero en lugar de aumentar e mellorar a prestación, a realidade é que dende o mes de xaneiro se ten suprimido completamente este servizo. De maneira que os nenos e as nenas que necesitan ser atendidos en Pediatría teñen que desprazarse ata o PAC Caldas de Reis.

A Consellería de Sanidade ten decidido que 442 nenos e nenas de Cuntis e 503 de Moraña (datos de febreiro), se trasladen ó servizo de pediatría de Caldas de Reis cando necesiten atención pediátrica. Servizo que non foi ampliado e que conta con dúas profesionais que son as que agora deben atender toda a demanda de Cuntis, a de Moraña, e a que se xeran as súas propias cotas.

Por este motivo, o servizo diario e habitual de pacientes do PAC de Caldas de Reis estase vendo polo aumento na demanda. Mentres, por outra parte, os nenos e as nenas doentes dos concellos de Cuntis e Moraña teñen que andar a desprazarse para poder ser atendidos.



Grupo Parlamentario

Polo anteriormente exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera a Consellería de Sanidade que se está prestar a adecuada atención pediátrica nestes concellos?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 30 de marzo de 2011

Asdo.: Carmen Cajide Hervés
Carmen Acuña do Campo
Modesto Pose Mesura
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria del Carmen Cajide Herves na data 30/03/2011 18:06:42

María Carmen Acuña Docampo na data 30/03/2011 18:06:46

Modesto Pose Mesura na data 30/03/2011 18:06:51



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Carmen Acuña do Campo e Modesto Pose Mesura, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Cada vez parece que está máis claro que para o Partido Popular a sostenibilidade dos servizos básicos, educación e sanidade pasa polo copago.

Importantes dirixentes do Partido manifestan abertamente que vai resultar moi necesario que os cidadáns teñan que asumir o custe destes servizos. Sen ter en conta que iso xa é un feito e que efectivamente os e as cidadáns mantemos eses dereitos básicos cos nosos impostos.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista temos manifestado en moitas ocasións a nosa preocupación ante a posibilidade aberta polo Partido Popular no Goberno da Xunta de Galicia do **COPAGO**.

Polo anteriormente exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

O Goberno popular ao fronte da Xunta de Galicia considera necesario implantar o copago para garantir a sostenibilidade do noso sistema sanitario?

Pazo do Parlamento, 30 de marzo de 2011

Asdo.: Carmen Acuña do Campo
Modesto Pose Mesura

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



 Grupo Parlamentario

María Carmen Acuña Docampo na data 30/03/2011 18:15:00

Modesto Pose Mesura na data 30/03/2011 18:15:05

Partido dos
Socialistas
de Galicia

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Carmen Acuña do Campo, Modesto Pose Mesura, María Quintas Alvarez, Pablo Xabier López Vidal e Juan Carlos Francisco Rivera, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

No Complexo Hospitalario de Ourense se comenta que dado a constante falta de camas que se padece os facultativos se teñen visto obrigados en ocasións a derivar pacientes para o seu ingreso directamente dende as urxencias do Complexo Hospitalario de Ourense a CO.SA.GA. (Cooperativa Sanitaria de Galicia).

Tamén comentan os traballadores e traballadoras que mentres se sofre pola falta de espazo e de camas seguen, sen embargo, case sempre pechadas a planta do Nai, a cuarta da maternal ou a terceira de Piñor.

E, consecuentemente, os pacientes se queixan. Van uns días que un doente explicaba o seu periplo por urxencias do CHOU da seguinte maneira: “Primeiro me levaron o que chamaron **sala B**, como alí non cabían máis camillas me pasaron a outra sala que lle chamaban de “tránsito” e non acabou aquí o conto pois o seguir sen haber camas libres alí aínda me tiveron noutra sala que denominaban **UPI**.

E, para enredar aínda máis as cousas, ao chegar as dez da noite os pacientes que estabamos en “tránsito” nos volveron outra vez a “sala B” pois a UPI estaba chea.

En fin curar non nos curarán, pero imos fartos de excursións e de esperas...”

Ante esta evidente preocupación dos profesionais e dos usuarios e usuarias pola carencia de camas no CHOU, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera o Goberno galego que o Complexo Hospitalario de Ourense necesitaría un maior número de camas para dar unha mellor e adecuada atención á poboación de Ourense?

Pazo do Parlamento, 30 de marzo de 2011

Asdo.: Carmen Acuña do Campo
Modesto Pose Mesura
María Quintas Alvarez
Pablo Xabier López Vidal
Juan Carlos Francisco Rivera



 Grupo Parlamentario

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

..... **María Carmen Acuña Docampo na data 30/03/2011 18:20:23**

Partido dos
Socialistas
de Galicia

..... **Modesto Pose Mesura na data 30/03/2011 18:20:29**

..... **María Remedios Quintas Álvarez na data 30/03/2011 18:20:33**

..... **Pablo Xabier López Vidal na data 30/03/2011 18:20:37**

..... **Juan Carlos Francisco Rivera na data 30/03/2011 18:20:42**

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Beatriz Sestayo Doce e Sonia Verdes Gil, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A falla de respecto institucional do Goberno presidido por Núñez Feijoo está a ser un dos sinais inequívocos de identidade do executivo galego. As continuas fallas á colaboración institucional e ao decoro político están a adoptar modos claramente intolerables.

Un dos moitos exemplos desta situación queda plasmado efectivamente no acontecido o día 30 de marzo do 2011, en Pontedeume, coa ocasión da suposta firma de convenios entre a Xunta de Galicia e os concellos da zona para o PEIM. Na convocatoria aos rexedores e rexedoras da comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal figuraba como orde de día a sinatura dos devanditos convenios, advertindo da necesidade de levar o correspondente cuño do concello.

Unha vez na xuntanza, presidida polo conselleiro do Medio Rural, Samuel Juárez e o Delegado Provincial da Xunta de Galicia, Diego Calvo, sorprende o feito de que o documento a asinar non é un convenio senón un simple protocolo que só reflicte a achega autonómica a dito plan, polo feito de que a Xunta de Galicia aínda non fixo os deberes para xustificar as achegas estatais de anos anteriores ao dito plan.

Para máis tomadura de pelo dun acto con claros tintes electoralistas, a documentación inclúe para a sinatura a certificación da disposición dos terreos que por lei corresponde aos secretarios e ás secretarías municipais e, polo tanto, imposibles de verificar nese acto.

Estamos, polo tanto, ante un acto «sorpresa» para gloria do conselleiro da Xunta no que as representantes e os representantes dos concellos, elixidos democraticamente nas urnas, non puideron coñecer de antemán o que ía ser unha farsa electoral toda vez que non se lles remitiu con anterioridade ningunha documentación.



 Grupo Parlamentario

A maiores as formas e modos en tratar aos que son lexítimas e lexítimos representantes públicos derivados do voto en urna, a diferenza do conselleiro de Medio Rural, foron manifestamente lamentables.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

En virtude do exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta en Pleno:

Considera o Goberno galego unha mostra de ética, respecto e colaboración institucional o lamentable acto ao que se refire esta pregunta?

Pazo do Parlamento, 30 de marzo de 2011

Asdo: Beatriz Sestayo Doce
Sonia Verdes Gil
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Beatriz Sestayo Doce na data 30/03/2011 18:19:51

Sonia Verdes Gil na data 30/03/2011 18:19:54



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Beatriz Sestayo Doce, Carmen Acuña do Campo, José Tomé Roca e Modesto Pose Mesura, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Pasados xa máis de dous anos dende a chegada ao Goberno da Xunta de Galicia do equipo executivo do PP, a cidadanía galega ten comprobado a falla de veracidade nos compromisos acadados por Feijoo en campaña electoral. O famoso “contrato con Galicia” asinado simbolicamente por Feijoo en campaña electoral non é hoxe máis que un cúmulo de incumprimentos que amosan a verdadeira faciana da dereita galega.

Un dos famosos compromisos era o tan pregado “código ético”, un código ético que se ten convertido en papel mollado, e que incluía entre as súas propostas o de “colaboración leal e institucional” coas administracións e institucións “excluindo os usos partidistas”. Esa promesa de Feijoo, dous anos despois, chocan co verdadeiro xeito de facelas cousas por un Goberno que establece no seu protocolo unhas relacións baseadas na cor política de quen representa as institucións no Goberno ou na oposición.

Así as cousas, e na cidade de Ferrol, conselleiras e conselleiros viñeron a Ferrol en “visita oficial” sen que o máximo representante da cidade fose invitado, pero si o portavoz do Grupo Popular, hoxe na oposición. Así, aconteceu nunha visita do conselleiro de Educación, en visitas de altos cargos da Xunta de Galicia e recentemente no decepcionante Consello da Xunta celebrado na cidade de Ferrol onde, ao seu remate, o presidente da Xunta posaba en instalacións públicas da Xunta de Galicia co portavoz do PP e candidato á alcaldía polo PP.

Esta falla de respecto institucional do presidente da Xunta vulnera calquera norma máis esencial da ética pública, do decoro institucional, e constitúe un claro exemplo de uso partidista das institucións e os cargos institucionais.



 Grupo Parlamentario

En virtude do exposto as deputadas e os deputados que asinan
formulan a seguinte pregunta dirixida o Goberno galego:

Considera o Goberno galego que o protocolo seguido nestas
visitas “institucionais” forma parte de código ético” comprometido
polo Sr. Feijóo na campaña electoral ás eleccións autonómicas?

.....
Partido dos
Socialistas
de Galicia
.....

Pazo do Parlamento, 30 de marzo de 2011

Asdo: Beatriz Sestayo Doce
Carmen Acuña do Campo
José Tomé Roca
Modesto Pose Mesura

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Beatriz Sestayo Doce na data 30/03/2011 19:25:42

María Carmen Acuña Docampo na data 30/03/2011 19:25:49

José Tomé Roca na data 30/03/2011 19:25:55

Modesto Pose Mesura na data 30/03/2011 19:26:03

Á Mesa do Parlamento

M^a Angeles Díaz Pardo, Miguel A. Santalices Vieira, Rosendo-Luis Fernández Fernández, Yolanda Díaz Lugilde, Dámaso López Rodríguez, Paula Prado del Río, María Seoane Romero e José Antonio García López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Pleno**.

A Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061 é a encargada da atención sanitaria ás urxencias e emerxencias da Comunidade Autónoma de Galicia dende o ano 1995. Dende o ano 1997, ademais xestiona as ambulancias medicalizadas.

O alto nivel da calidade da asistencia prestada por ditos recursos, permitiu que se fosen desenvolvendo programas especiais, para mellorar a actividade asistencial relacionada coas principais patoloxías tempo dependentes, tales como a atención ao infarto agudo de miocardio, mediante o Programa Galego de Atención ao Infarto Agudo de Miocardio (PROGALIAM).

Por todo o exposto, e dada a importancia deste tema para a cidadanía estes deputados presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

¿Supón este programa algunha mellora na supervivencia dos doentes con infarto agudo de miocardio?

Santiago de Compostela, 31 de Marzo de 2011

Asinado dixitalmente por:



GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA
Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T 981 551 510
F 981 551 422
ca.parlamentariopopular@xg.es
www.parlamentariopopular.es



María Ángeles Díaz Pardo na data 31/03/2011 12:50:53

Miguel Ángel Santalices Vieira na data 31/03/2011 12:50:57

Rosendo Luis Fernández Fernández na data 31/03/2011 12:51:06

Yolanda Díaz Lugilde na data 31/03/2011 12:51:12

Dámaso López Rodríguez na data 31/03/2011 12:51:17

Paula Prado del Río na data 31/03/2011 12:51:25

Maria Seoane Romero na data 31/03/2011 12:51:34

José Antonio García López na data 31/03/2011 12:51:42

Á MESA DO PARLAMENTO

M^a Angeles Díaz Pardo, Miguel A. Santalices Vieira, Rosendo-Luis Fernández Fernández, Yolanda Díaz Lugilde, Dámaso López Rodríguez, Paula Prado del Río, María Seoane Romero e José Antonio García López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Pleno**.

A Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061 é a encargada da atención sanitaria ás urxencias e emerxencias da Comunidade Autónoma de Galicia dende o ano 1995. Xestiona as chamadas de solicitude de asistencia así como a prestación de servizos e traslados urxentes a través de súa rede de Transporte Sanitario Urxente, ao longo da totalidade do territorio galego.

Galicia ten unha poboación cada vez máis envellecida, polo que a prevalencia de enfermidades crónicas pluripatolóxica é cada vez maior.

Por outra parte, os cambios sociodemográficos orixinan que cada vez haxa máis persoas maiores que viven soas, polo que aparecen novas necesidades asistenciais.

Por isto, e tendo en conta a importancia deste tema para a cidadanía de Galicia, os deputados asinantes, presentan a seguinte pregunta para a súa resposta en Pleno.

¿Están a implementar algún novo programa na central de coordinación de urxencias sanitarias, que dea resposta ás novas necesidades dos cidadáns?

Santiago de Compostela, 31 de Marzo de 2011



grupo
parlamentario
de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/03/2011 13:29
Nº Rexistro: 63321
Data envío: 31/03/2011 13:29:35.989

Asinado dixitalmente por:

María Ángeles Díaz Pardo na data 31/03/2011 13:06:21

Miguel Ángel Santalices Vieira na data 31/03/2011 13:06:26

Rosendo Luis Fernández Fernández na data 31/03/2011 13:06:34

Yolanda Díaz Lugilde na data 31/03/2011 13:06:40

Dámaso López Rodríguez na data 31/03/2011 13:06:46

Paula Prado del Río na data 31/03/2011 13:06:56

María Seoane Romero na data 31/03/2011 13:07:08

José Antonio García López na data 31/03/2011 13:07:19

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA
Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T 981 551 510
F 981 551 422
en.xef@parlamentodegalicia.es
www.parlamentodegalicia.com

Á Mesa do Parlamento

M^a Angeles Díaz Pardo, Miguel A. Santalices Vieira, Rosendo-Luis Fernández Fernández, Yolanda Díaz Lugilde, Dámaso López Rodríguez, Paula Prado del Río, María Seoane Romero e José Antonio García López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Pleno**.

A Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061, ven desenvolvendo a atención sanitaria ás urgencias e emerxencias da Comunidade Autónoma de Galicia dende o ano 1995. Así mesmo, realiza labores de consulta e información sanitaria dende a Central de Coordinación de Urgencias Sanitarias de Santiago de Compostela.

Estas chamadas son importantes porque calquera pode necesitar unha axuda de inmediato. Ademais non atender unha chamada pode significar a non atención a un problema de saúde grave.

Por isto, e tendo en conta a importancia destas situacións, os deputados asinantes, presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

¿Que medidas tomou a Fundación Publica Urgencias Sanitarias de Galicia-061, para que na Central de Coordinación poidan ser atendidas todas as chamadas?

Santiago de Compostela a 31 de marzo de 2011

Asinado dixitalmente por:

María Ángeles Díaz Pardo na data 31/03/2011 13:09:24

Miguel Ángel Santalices Vieira na data 31/03/2011 13:09:28

Rosendo Luis Fernández Fernández na data 31/03/2011 13:09:35

Yolanda Díaz Lugilde na data 31/03/2011 13:09:41

Dámaso López Rodríguez na data 31/03/2011 13:09:46

Paula Prado del Río na data 31/03/2011 13:09:54

Maria Seoane Romero na data 31/03/2011 13:10:05

José Antonio García López na data 31/03/2011 13:10:15

Á Mesa do Parlamento

M^a Angeles Díaz Pardo, Miguel A. Santalices Vieira, Rosendo-Luis Fernández Fernández, Yolanda Díaz Lugilde, Dámaso López Rodríguez, Paula Prado del Río, María Seoane Romero e José Antonio García López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Pleno**.

Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061 é a encargada da atención sanitaria ás urxencias e emerxencias da Comunidade Autónoma de Galicia dende o ano 1995. Xestiona as chamadas de solicitude de asistencia así como a prestación de servicios e traslados urxentes a través de súa rede de Transporte Sanitario Urxente ao longo da totalidade do territorio galego.

No ano 2001, púxose en marcha o programa de desfibrilación semiautomática, mediante a incorporación de desfibriladores semiautomáticos (DESA) a todas as ambulancias asistenciais de SVB.

Ademais, elaborouse un decreto que regulaba o uso de desfibriladores semiautomáticos por persoal non médico, e deuse formación necesaria para o seu uso, que foi revisado e actualizado posteriormente.

Por isto, e tendo en conta a importancia deste tema para a cidadanía de Galicia, os deputados asinantes, presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Respecto ao programa de desfibrilación externa semiautomática, ¿cales son os resultados en termos de vidas salvadas?

Santiago de Compostela, 31 de Marzo de 2011

Asinado dixitalmente por:

María Ángeles Díaz Pardo na data 31/03/2011 13:12:21

Miguel Ángel Santalices Vieira na data 31/03/2011 13:12:26

Rosendo Luis Fernández Fernández na data 31/03/2011 13:12:34

Yolanda Díaz Lugilde na data 31/03/2011 13:12:40

Dámaso López Rodríguez na data 31/03/2011 13:12:45

Paula Prado del Río na data 31/03/2011 13:12:54

Maria Seoane Romero na data 31/03/2011 13:13:02

José Antonio García López na data 31/03/2011 13:13:11

Á Mesa do Parlamento

M^a Angeles Díaz Pardo, Miguel A. Santalices Vieira, Rosendo-Luis Fernández Fernández, Yolanda Díaz Lugilde, Dámaso López Rodríguez, Paula Prado del Río, María Seoane Romero e José Antonio García López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Pleno**.

Desde a creación do programa de tarxeta sanitaria en Galicia, as tarxetas emitidas teñen no seu anverso unha data de caducidade de 5 anos. Transcorrido este tempo a Consellería de Sanidade emitía unha nova que era remitida ao domicilio do seu titular.

No contexto actual de crise económica, debemos actuar eficientemente para asegurar a sostenibilidade do sistema sanitario e, en xeral, dos servizos públicos. Así, a Consellería de Sanidade puxo en marcha distintas iniciativas para xestionar eficientemente os recursos públicos.

Por todo o exposto, e dada a importancia deste tema para a cidadanía estes deputados, presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

¿Que medidas está a adoptar a Consellería de Sanidade en relación a caducidade da tarxeta sanitaria?

Santiago de Compostela, 31 de Marzo de 2011

Asinado dixitalmente por:

María Ángeles Díaz Pardo na data 31/03/2011 13:15:41



Miguel Ángel Santalices Vieira na data 31/03/2011 13:15:45

Rosendo Luis Fernández Fernández na data 31/03/2011 13:15:54

Yolanda Díaz Lugilde na data 31/03/2011 13:16:00

Dámaso López Rodríguez na data 31/03/2011 13:16:05

Paula Prado del Río na data 31/03/2011 13:16:13

Maria Seoane Romero na data 31/03/2011 13:16:22

José Antonio García López na data 31/03/2011 13:16:30

Á Mesa do Parlamento

M^a Angeles Díaz Pardo, Miguel A. Santalices Vieira, Rosendo-Luis Fernández Fernández, Yolanda Díaz Lugilde, Dámaso López Rodríguez, Paula Prado del Río, María Seoane Romero e José Antonio García López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Pleno**.

Existe un acordo unánime sobre os beneficios das vacinas, unha das medidas de saúde pública mais valoradas e de maior impacto na saúde das poboacións, e moi especialmente da poboación infantil cando se introducen de xeito universal a través do calendario de vacinación.

Recentemente a Consellería de Sanidade puxo en marcha un programa piloto de vacinación contra a enfermidade pneumocócica en poboación infantil, utilizando unha vacina de recente introducción no mercado.

Tendo en conta a importancia deste tema os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

¿Cales son os motivos que xustifican a posta en marcha deste programa piloto de vacinación antipneumocócica infantil ?

Santiago de Compostela, 31 de Marzo de 2011

Asinado dixitalmente por:

María Ángeles Díaz Pardo na data 31/03/2011 13:19:08

Miguel Ángel Santalices Vieira na data 31/03/2011 13:19:11

Rosendo Luis Fernández Fernández na data 31/03/2011 13:19:19

Yolanda Díaz Lugilde na data 31/03/2011 13:19:25

Dámaso López Rodríguez na data 31/03/2011 13:19:30

Paula Prado del Río na data 31/03/2011 13:19:37

Maria Seoane Romero na data 31/03/2011 13:19:47

José Antonio García López na data 31/03/2011 13:19:57



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Mª José Caride Estevez, Ismael Rego González, Manuel Gallego Lomba e Carmen Acuña Do Campo, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta oral en pleno**.

A orde de 3 de marzo sobre o contido mínimo da memoria económico-financeira nos casos de iniciativas lexislativas ou de aprobación de normas de rango regulamentario, plan ou programas, establece como unha das alternativas para o financiamento de actuacións da Xunta de Galicia o establecemento de prezo privado-copago.

A posibilidade de introducir copago na prestación de servizos públicos básicos como os sanitarios ou educativos derivada desta orde, motiva a presentación por parte das deputadas e deputados asinantes da seguinte pregunta oral en Pleno:

Vai o Goberno galego a introducir o copago na prestación de servizos sanitarios?

Pazo do Parlamento, 31 de marzo de 2011

Asdo.: Mª José Caride Estevez
Ismael Rego González
Manuel Gallego Lomba
Carmen Acuña Do Campo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María José Caride Estévez na data 31/03/2011 14:08:45

Ismael Rego González na data 31/03/2011 14:08:53

José Manuel Gallego Lomba na data 31/03/2011 14:09:00



Grupo Parlamentario

María Carmen Acuña Docampo na data 31/03/2011 14:09:04

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Tereixa Paz Franco, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia**, relativa ao contido e alcance da lexislación que en materia de montes está a elaborar a Xunta de Galiza.

A urxencia ven xustificada pola necesidade de poder avaliar, antes da súa definitiva concreción en forma de proxecto de lei, si o contido sobre o que o Goberno Galego pretende legislar en relación co monte e o seu alcance son os acaídos para darlle resposta ás necesidades e potencialidades que a nosa nación ten nesta materia.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula, polo trámite de urxencia, a seguinte Pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno:

Considera que os aspectos que pretende abordar coa aprobación dunha lei en materia de montes son os acaídos para dar resposta a todas as potencialidades do monte na nosa nación?

Santiago de Compostela, 4 de Abril de 2011

Asdo. Tereixa Paz Franco

Deputada do G.P. do BNG

Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Tereixa Paz Franco na data 04/04/2011 13:55:32

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 04/04/2011 13:55:37

Á Mesa do Parlamento

Ignacio López-Chaves Castro, Roman Rodríguez González, Marisol Piñeiro Martínez, Marta Rodríguez Arias e Pedro Puy Fraga, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no Artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Pleno** polo trámite de **Urxencia**.

Xustificación da Urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de coñecer canto antes en sede parlamentaria a valoración do goberno galego sobre a súa participación no novo Auditorio de Vigo, dado que a súa inauguración xa tivo lugar o pasado día 26 de marzo de 2011.

O pasado día 26 de marzo de 2011, o Presidente da Xunta de Galicia inauguraba o novo Auditorio de Vigo, unha nova infraestrutura cultural da cidade olívica, que se levou a cabo gracias á colaboración de diversas administracións e contando cunha ampla aportación por parte do goberno galego.

Por todo o exposto os deputados abaixo asinantes presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno urxente:

¿Cal foi a aportación realizada pola Xunta de Galicia para a construción do novo Auditorio de Vigo?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2011

Asinado dixitalmente por:



GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA
Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 531 510
F. 981 531 472
ca.santiago@parlamentariadegalicia.es
www.parlamentariadegalicia.es

Ignacio Javier López-Chaves Castro na data 04/04/2011 14:16:47

Román Rodríguez González na data 04/04/2011 14:17:25

María Soledad Piñeiro Martínez na data 04/04/2011 14:17:39

Marta Rodríguez Arias na data 04/04/2011 14:17:49

Pedro Puy Fraga na data 04/04/2011 14:18:05



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Francisco Cerviño González, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta urxente** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Xustificación da urxencia. A urxencia vén motivada pola alarma social creada no pobo galego por esta cuestión.

O pasado 31 de marzo, o expresidente do Goberno, D. José María Aznar, dixo referíndose ao Sr. Rajoy Brey: “Rajoy tiene una gran capacidad para ser presidente, lo que pasa es que tiene su forma de ser, un origen gallego, su ejercicio de gallego”.

Este alcume de “gallego”, contén un indubidable prexuízo xenófobo, e como deixou claro este Parlamento nunha ocasión anterior, é “un tópico non aceptable, inadmisibile no único marco de debate que cómpre defender, o das ideas”.

Diante desta situación, o Sr. Núñez Feijóo, en vez de defender a dignidade dos galegos e as galegas no seu conxunto, saíu a defender ao seu xefe espiritual, dicindo que o alcume constitúe un eloxio.

Este deputado pregúntalle ao Goberno galego a seguinte cuestión:

Cre realmente o Goberno que o alcume “gallego” foi usado polo Sr. Aznar coma un eloxio?

Pazo do Parlamento, 4 de abril de 2011

Asdo: Francisco Cerviño González
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia


Asinado dixitalmente por:



 Grupo Parlamentario

Francisco Xulio Cerviño González na data 04/04/2011 14:26:40

.....
Partido dos
Socialistas
de Galicia
.....



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2011 18:26
Nº Rexistro: 63440
Data envío: 04/04/2011 18:26:05.911

Á Mesa do Parlamento

Carlos Aymerich Cano, Portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 29 de Xaneiro do 2002, formula a seguinte **PERGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Que valoración realiza dos dous anos perdidos en materia eólica?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2011.

Asdo.: Carlos Aymerich Cano
Portavoz do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 04/04/2011 18:25:13



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Mesa do Parlamento

Manuel Vázquez Fernández, presidente do **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e normas complementarias do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia**.

Considera que o Goberno galego está utilizando criterios de obxectividade nas súas actuacións?

Pazo do Parlamento, 14 de marzo de 2011

Asdo.: Manuel Vázquez Fernández
Presidente do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Manuel Vázquez Fernández na data 04/04/2011 18:43:14



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727